CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**ACTA Nº 2025/3**
**SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN**
**- SALÓN DE PLENOS, xoves 20 de marzo de 2025 -**

No día da data, ás 20:04 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

**ASISTEN:**

PSdeG-PSOE
RAMÓN ABUÍN GÓMEZ
MARIA TERESA BATALLA ROMERO

BNG
XOAN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
M. SOLEDAD BOGA GRELA
ANGEL JAMARDO REY

Unidade Veciñal de Dodro
XOAN XOSÉ VICENTE FRANCO
REBECA RIAL DIZ

Xente de Dodro
VALENTIN ALFONSIN SOMOZA

**AUSENCIAS:**

Xente de Dodro
LUCIA YESICA VECINO RODRIGUEZ
SERGIO JOSÉ BOGA GÓMEZ

**SECRETARIA-INTERVENTORA:**

MARÍA CRISTINA VARELA GARCÍA, secretaria-interventora do Concello de Xermade, en réxime de acumulación de funcións no Concello de Dodro.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**A) DACIÓN EN CONTA:**

1. DACIÓN DE CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA
2.DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO-ORZAMENTARIA DO 4º TRIMESTRE 2024 E INFORMACIÓN PRESUPOSTARIA E TRIBUTARIA 2025
3. DACIÓN CONTA LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA EXERCICIO 2024

**B) DELIBERACIÓN E ACORDO:**

4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2025/T002/000003
5. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO NUM.1/2025
6. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS DO CONCELLO DE DODRO

**C) MOCIÓNS:**

**C.1) MOCIÓNS ORDINARIAS:**

7. MOCIÓN DO PP DE SUPERÁVIT PRESUPOSTARIO DO ANO 2024
8. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE DE CONDONACIÓN DA DÉBEDA
9. MOCIÓN DO PP DO PLAN DE RISCO DE INUNDACIÓNS
10. MOCIÓN DE UVD DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA
11. MOCIÓN DE UVD DE PROXECTO DE REHABILITACIÓN DA EIRA DA MALLA DE BEXO
12. MOCIÓN DO BNG DE RECOÑECEMENTO ÁS CANTAREIRAS DE DODRO COMO TRANSMISORAS DO PATRIMONIO CULTURAL

**D) CONTROL DE GOBERNO**
13. ROGOS E PREGUNTAS.
14. OUTROS MEDIOS DE CONTROL DO GOBERNO LEGALMENTE ESTABLECIDOS

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Ola, boa tarde. Vamos a dar inicio ao Pleno ordinario mes de marzo que se demorou a hoxe, día 20 por distintas cuestións que soi evidentes, a ausencia da secretaria e bueno, nesta situación estamos. Cos seguintes puntos da Orde do día."*

**PROPOSTAS ORDINARIAS**

**1. DACIÓN DE CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA**

Procédese co primeiro punto da Orde do día, que se transcribe de xeito literal a continuación:

**"EXPTE: 2025/G006/000106**



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**ASUNTO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

Dáse conta das resolucións que van desde o número 13/2025 ao 110/2025, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

*Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."*

Os concelleiros e concelleiras quedan informados das resolucións da Alcaldía indicadas.

**2. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO-ORZAMENTARIA DO 4º TRIMESTRE 2024 E INFORMACIÓN PRESUPOSTARIA E TRIBUTARIA 2025**

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

**"Expediente:** 2025/G006/000055
**Asunto:** Dación conta remisión Informes económico-orzamentarios do 4º trimestre 2024 e información presupostaria e tributaria 2025
**Trámite:** Proposta para o Pleno

Dáse conta da remisión de información económico-orzamentaria a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais:

-Periodo Medio de Pago do 4º trimestre 2024 (enviado o 29/01/2025)
-Informe de execución trimestral do 4º trimestre 2024 (enviado o 31/01/2025)
-Informe de morosidade 2023 (enviado o 31/01/2024)
-Información impositiva municipal exercicio 2025 (enviado o 14/03/2025)
-Plan Presupostario a medio prazo (enviado o 14/03/2025)

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."

Os concelleiros e concelleiras quedan informados.

**3. DACIÓN CONTA LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA EXERCICIO 2024**

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:
**"EXPEDIENTE.:** 2025/T019/000001e 2025/G006/000108
**ASUNTO:**: Dación conta aprobación Liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2024
**TRÁMITE:** Proposta para o Pleno



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Dáse conta ao Pleno Municipal da resolución da Alcaldía núm. 92/2025 de data 280/2/2025 de aprobación da liquidación do orzamento 2024 que se transcribe deseguido:

"De conformidade coas atribucións conferidas a esta Alcaldía pola lexislación vixente artigo 21 Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, en aplicación dos artigos 191.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RDLex 2/2004 de 5 de marzo e artigo 90 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril de desenvolvemento da Lei reguladora das facendas locais e demais normativa.

Visto o expediente de liquidación do Orzamento municipal do ano 2024.

Foron emitidos os seguintes informes de control permanente pola Intervención municipal o 24 de febreiro de 2025:

1º. Informe de intervención núm. 2025-0030, en cumprimento do disposto no art. 192 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, con resultado favorable.

2º. Informe de intervención núm. 2025-0031, en cumprimento do disposto no artigo 16.2 do RD 1463/2007, de 2 de novembro, polo que aproba o regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, sendo o resultado do control permanente previo do expediente:

*"(...) A. Que esta Entidade Local **incumpre o obxectivo de Estabilidade Orzamentaria** entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 2010.*

*B. Que esta Entidade Local **incumpre o obxectivo da Regra do Gasto**, entendido como a situación na que a variación do gasto computable non supera a taxa de referencia de crecemento do PIB correspondente a este exercicio.*

*C. Que esta Entidade Local **cumpre o obxectivo do límite de Débeda Pública**."*

En cumprimento do disposto no artigo 191 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RDLex 2/2004 de 5 de marzo,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a liquidación do Orzamento municipal do ano 2024:



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

## ORZAMENTO CORRENTE

**INGRESOS:**

| Cap. | Descripción | Iniciales | Modific. | Previsiones definitivas | Derechos Reconocidos Netos | Ingresos realizados | Devoluciones de ingresos | Recaudación líquida | Pendientes de cobro | Exceso / Defecto Previsión |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Impuestos Directos | 423500,85 | 0 | 423500,85 | 380609,59 | 387597,61 | 6988,02 | 380609,59 | 0 | -42891,26 |
| 2 | Impuestos Indirectos | 6000,00 | 0 | 60000,00 | 53001,47 | 53681,65 | 680,18 | 53001,47 | 0 | -6998,53 |
| 3 | Tasas, Precios Publicos Y Otros Ingresos | 453409,85 | 0 | 453409,85 | 211072,98 | 213554,17 | 3357,91 | 210196,26 | 876,72 | -242336,87 |
| 4 | Transferencia Corrientes | 1508268,32 | 600984,79 | 2109253,11 | 1947023,46 | 1965403,33 | 75397,47 | 1890005,86 | 57017,60 | -162229,65 |
| 6 | Enajenación inversiones | 4000,00 | 0 | 40000,00 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | -40000,00 |
| 7 | Transferencias De Capital | 248832,51 | 823533,81 | 1072366,32 | 230875,40 | 230875,40 | 0 | 230875,40 | 0 | -841490,92 |
| 8 | Activos Financieros | 0 | 52528,29 | 52528,29 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | -52528,29 |
| 9 | Pasivos Financieros | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| | **TOTAL** | **2734011,53** | **1477046,89** | **4211058,42** | **2822582,90** | **2851112,16** | **86423,58** | **2764688,58** | **57984,32** | **-1388475,52** |



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**GASTOS:**

| Descripción | Créditos Iniciales | Modificaciones | Definitivos | Obligaciones Reconocidas | Pagos realizados | Pendientes de pago | Remanentes de crédito |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| TOTAL CAPITULO 1 | 1016562,63 | 234963,88 | 1251526,51 | 990113,85 | 990113,85 | 0 | 261412,66 |
| TOTAL CAPITULO 2 | 1248605,20 | 328287,30 | 1576892,5 | 1268030,23 | 1267463,14 | 567,09 | 308862,27 |
| TOTAL CAPITULO 3 | 1000,00 | 0 | 1000,00 | 0 | 0 | 0 | 1000,00 |
| TOTAL CAPITULO 4 | 110379,60 | 39650,00 | 150029,60 | 84491,73 | 84491,73 | 0 | 65537,87 |
| TOTAL CAPITULO 6 | 58586,51 | 874145,71 | 932732,22 | 490139,37 | 490139,37 | 0 | 442592,85 |
| TOTAL CAPITULO 9 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| **TOTAL** | **2435133,94** | **1477046,89** | **3912180,83** | **2832775,18** | **2832208,09** | **567,09** | **1079405,65** |

**RESULTADO ORZAMENTARIO**

| Concepto | Dereitos recoñecidos netos | Obrigas recoñecidas netas | Axustes | Resultado orzamentario |
|---|---|---|---|---|
| a. Operacións Correntes | 2.591.707,50 | 2.342.635,81 | 0,00 | 249.071,69 |
| b. Outras operacións non financeiras | 230.875,40 | 490.139,37 | 0,00 | -259.263,97 |
| 1.- Total operacións non financeiras (a+b) | 2.822.582,90 | 2.832.775,18 | 0,00 | -10.192,28 |
| 2.- Activos financeiros | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 3.- Pasivos financeiros | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| **RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO** | **2.822.582,90** | **2.832.775,18** | **0,00** | **-10.192,28** |
| 4.- Créditos gastados financiados con remanente de | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| tesouraría para gastos xerais | | | | |
| 5.- Desviacións de financiamento negativas do exercicio | 0,00 | 0,00 | 488.400,73 | 488.400,73 |
| 6.- Desviacións de financiamento positivas do exercicio | 0,00 | 0,00 | 234.796,30 | -234.796,30 |
| **RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO** | 0,00 | 0,00 | 0,00 | **243.412,15** |

**REMANENTE DE TESOURARÍA**

| | | Ano 2024 | Ano 2023 |
|---|---|---|---|
| **1** | **Fondos líquidos** | **364.709,02** | **527.227,10** |
| **2** | **Dereitos pendentes de cobramento** | **116.264,62** | **93.276,48** |
| | + do orzamento corrente | 57.894,32 | 35.391,52 |
| | + de orzamentos pechados | 58.212,34 | 57.727,00 |
| | + de operacións non orzamentarias | 157,96 | 157,96 |
| | - cobramentos realizados pendentes de aplicación definitiva | 539,04 | 31.117,38 |
| **3** | **Obrigas pendentes de pagamento** | **119.454,01** | **218.213,33** |
| | + do orzamento corrente | 567,09 | 117.463,56 |
| | + de orzamentos pechados | 15.139,23 | 15.425,93 |
| | + de operacións non orzamentarias | 103.747,69 | 85.323,84 |
| | - pagamentos realizados pendentes de aplicación definitiva | 0,00 | 0,00 |
| **I** | **Remanente de tesouraría total )1+2+3)** | **360.980,59** | **371.172,87** |
| **II** | Saldos de dubidoso cobramento | 55.031,30 | 54.278,31 |
| **III** | Exceso de financiamento afectado | 12.339,11 | 7.799,66 |
| **IV** | **Remanente de tesouraría para gastos xerais (I-II-III)** | **293.607,18** | **309.094,90** |
| V | Saldo de obrigas pendente de aplicar ao orzamento a 31/12/2024 | 152.067,32 | 0,00 |
| VI | Saldo de obrigas por devolución de ingresos pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2024 | 0,00 | 0,00 |
| **VII** | **Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais axustado** | **141.539,86** | **309.094,90** |

**SEGUNDO.-** Da liquidación do Orzamento 2024 darase conta o Pleno municipal na primeira sesión que celebre.

**TERCEIRO.-** Da liquidación do Orzamento remítase copia á Administración do Estado (Centro o dependencia do Ministerio de Facenda) e a Comunidade Autónoma.



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Asinado dixitalmente no Concello de Dodro na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Xabier Castro Tourís. Pola secretaria-interventora do Concello de Xermade, en réxime de acumulación de funcións no Concello de Dodro tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).”
Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís.

Os concelleiros e concelleiras quedan informados.

**B) DELIBERACIÓN E ACORDO:**

**4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2025/T002/000003**

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

**“Expediente:** 2025/T002/000003
**Asunto: S**uplemento de crédito financiado con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais
**Trámite:** Proposta de acordo

O Concello de Dodro liquidou o exercicio 2024 deixando na conta 413 un saldo de 152.067,32€ que se corresponde coas seguintes facturas:

| **Nº de Entrada** | **Nº de Documento** | **Fecha Dto.** | **Importe Total** | **Operación** | **Tercero** | **Nombre** | **Texto Explicativo** | **Ejercicio** | **Programa** | **Economica** | **Registro de entrada Plataforma** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2024/1523 | 8670004955 | 28/11/2024 | 50311,75 | 2202400076 58 | B7009174 9 | ATTEN DE CARE S.L.U. | SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS DO CONCELLO MES DE OUTUBRO 2024 | 2025 | 2311 | 22799 | REGAGE24e0008994545 4 |



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2024/1643 | 8670005026 | 12/12/2024 | 51790,84 | 2202400076 59 | B7009174 9 | ATTEN DE CARE S.L.U. | SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS DO CONCELLO MES DE NOVEMBRO 2024 | 2025 | 2311 | 22799 | REGAGE24e000930732 95 |
| F/2024/1647 | 8670005033 | 13/12/2024 | 49964,73 | 2202400076 60 | B7009174 9 | ATTEN DE CARE S.L.U. | SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS DO CONCELLO MES DE AGOSTO 2024 | 2025 | 2311 | 22799 | REGAGE24e000933336 27 |

A Disposición adicional 6º apartado 2 a) da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira establece o seguinte: “Las Corporaciones Locales deberán destinar, en primer lugar, el superávit en contabilidad nacional o, si fuera menor, el remanente de tesorería para gastos generales a atender las obligaciones pendientes de aplicar a presupuesto contabilizadas a 31 de diciembre del ejercicio anterior en la cuenta de «Acreedores por operaciones pendientes de aplicar a presupuesto», o equivalentes en los términos establecidos en la normativa contable y presupuestaria que resulta de aplicación (...)”

Consonte co disposto no artigos 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 35 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, cando haxa de realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da Corporación crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da Corporación ordenará a incoación do expediente de concesión do crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito no segundo.

Vista a consignación que figura no orzamento de 2023 prorrogado para 2025 na aplicación 2311/22799 resulta insuficiente para os gastos do servizo de axuda no domicilio de persoas valoradas do exercicio 2025.

En total o Concello obrígase a contar co crédito necesario para facer fronte ás obrigas pendentes do exercicio anterior e para dotar de mais crédito para o ano



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2025 para o servizo de axuda no fogar a persoas dependentes, que ascende a **267.679,19 euros**.
Trátase dun gasto que non pode demorarse ata o exercicio seguinte, e visto que a liquidación do exercicio 2024 arroxa un **Remanente Líquido de Tesouraría para Gastos Xerais axustado de 293.607,18 euros**, considerase conveniente financiar a presente modificación con este recurso.
Visto o informe de Intervención núm. 2025-0037 de data 17/03/2025, en sentido favorable con observacións.
De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, este Alcalde propón o Pleno a adopción do seguinte acordo:
Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 2025/T002/000003 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesouraría para gastos xerais, por importe de **267.679,19 euros**, cuxo detalle é o seguinte:

**ESTADO DE GASTOS**

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---|---|
| 2311.22799 | Servizos Sociais. Outros traballos realizados | 267.679,19€ |

**ESTADO DE INGRESOS**

| CONCEPTO DE INGRESO | | IMPORTE € |
|---|---|---|
| 870.00 | Remanente de tesouraría para gastos xerais | 267.679,19€ |

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.
Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.
Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe.

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Esto foi xerado por unhas facturas que non se puideron atender no ano 24, tres facturas do SAF e quedaron para a conta 413 por un saldo de 152. 067 que se van a facer, se van a pagar agora en canto se poida claro. O Concello tiña un remanente liquido de tesourería de 293.607,18€, dos cales se van a gastar para estas tres facturas 152. mil... corríxeme se me equivoco Cristina, 152.067,32. Voulle dar unha quenda a cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista de Galicia"*

**Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:** *"Como*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*puidemos ver, no punto anterior, quedaba un saldo de de 152.067,32€ e quedaban pendentes unhas facturas correspondentes ao servizo de axuda no fogar de persoas dependentes, valoradas, dos meses de outubro, novembro e agosto, as de agosto foi porque a empresas non presentar no seu debido tempo a factura correspondente.*
*Logo, debemos destinar en primeiro lugar o superávit que hai na contabilidade para gastos xerais e atender ás obrigas pendentes de aplicar ao presuposto contabilizadas a 31 de decembro , o Real Decreto lexislativo di que cando haxa de realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, ou non exista orzamento, coma é o caso, ou sexa insuficiente e non ampliable o consignado, témolo que incorporar, por medio dun suplemento de crédito. Vista a consignación que figura no orzamento do 2023, prorrogado no 2025, que resultaba insuficiente para os gastos de servizo de axuda a domicilio, das persoas valoradas, do exercicio 2025, en total o Concello obrigase a contar con crédito necesario, facer fronte ás obrigas pendentes do exercicio anterior, e para dotar de máis crédito para o exercicio 2025 para o servizo de axuda no fogar a persoas dependentes que ascende a 267.679,19 euros . Tendo en conta o remanente líquido de tesourería , como víamos de 293.607,18€ e visto que o Informe de intervención, en sentido favorable, con observacións, propoñemos aprobar a inicialmente o expediente de modificación de créditos, na modalidade sen limite de teito, or importe de 267.679,19€, dedicado para Servizos Sociais e outros traballos realizados."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

**Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:** *"Boas tardes a todos. Bueno, a explicación de esta proposta está aquí explicada, vista a consignación que figura no orzamento de 2023, é que estamos no ano 2025 e vostede, ao igual que fai o señor Sánchez, preside dun orzamento de 2023, claro está, isto o que demostra é a irresponsabilidade de quen nos está gobernando. Cando vostede ten que recorrer a modificacións de crédito, deste importe, no de calquera importe, ten que empregar o remanente de crédito, bueno, pois pon de manifesto que primeiro que non sabe vostede facer unha previsión, segundo que o funcionamento normal de unha entidade pública que pasa por aprobar os orzamentos municipais en tempo e forma, vostede o omite esta obriga. E agora ven aquí expor a última hora, de urxencia, facendo responsables aos demais concelleiros da súa xestión. O vota a favor de este suplemento de crédito, supón aprobar a súa xestión, e non soamente no que respecta a isto, si non en todo, se non en todo o que fixo vostede no exercicio 2024 e todo o que fixo vostede no exercicio 2024, pois nós, claramente non estamos de acordo, pero bueno, vai ter o acordo diario dos homes valente, polo tanto, supoño o sacará a diante e nós, unha vez máis reiteramos, a irresponsabilidade e a desfachatez de quen nos goberna, pasándose continuamente polo forro do abrigo, calquera mínima norma fundamental que deba rexer no funcionamento deste Concello."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moitas gracias, portavoz do Partido Popular, por favor."*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Bueno, as empresas teñen que cobrar polos servizos prestados, evidentemente, estrañounos unha factura de agosto, que non a tiveran presentada en tempo e forma, pero non por ese motivo se lle pode deixar de pagar, ademais a unha empresa que presta servizo a persoas dependentes, de feito o Partido Popular, trouxo cando estaba gobernando, nos 8 anos que gobernou, trouxo bastantes modificacións de crédito para poder pagar facturas que as empresas presentan fora do ano natura, con lo cal, por suposto, imos a apoiar."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moitas gracias. Portavoz de Unidade Veciñal."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Boas tardes a todos. Nós tamén, estráñame moito que son tres facturas, unha do 28 de novembro, outras dúas do 12, e do 13 decembro, eu presentou a empresa eses días. Entendemos que as facturas do 12 e doi 13 de decembro que non dera tempo a tramitalas antes de que acabara o ano, pero a factura de novembro, ven se puido tramitar, non sabemos por que non se fixo o pago, eu creo que daba tempo de sobra, pero bueno, tamén debido á falta de política económica do goberno do PSOE·, porque vemos que é un fracaso total, o fracaso vese xa pola incapacidade de facer, nos dous anos que levan gobernando, case, os orzamentos municipais en tempo. Hai que lembrar aquí a todos, que no goberno tripartito, do que formaba parte a Unidade Veciñal de Dodro, sempre se aprobaron os orzamentos, non pasou ningún ano sen aprobalos. Tamén dicir que o que imos facer aquí é levantar o reparo sa Secretaría debido á falta de contrato coa empresa e ordenar facer o pago, evidentemente o pago hai que facelo porque o servizo, com dixeron todos aquí, o servizo está prestado e di¡un xeito ou outro, ao final hai que pagalo, ou sexa que, evidentemente, votaremos a favor."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:***"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"Moi boas, por parte do BNG, tamén vemos en este punto unha falta de previsión, a parte do que son as facturas que poden chegar tarde e que polo tanto, coma sempre fai o BNG, por responsabilidade, aprobar e sacar adiante o traballo feito por, en este caso, por unha empresa. Xa se dixo aquí que non á a primeira vez que se presenta un expediente de modificación de crédito, mesmo cando gobernaba o Partido Popular, con maioría, que acaba de dicilo, entón, non é normal, que teñamos que ir a unha aprobación de crédito para isto, esperemos que no sucesivo, pois que teñamos orzamento e ao mesmo tempo que teñamos unha contratación acorde e que non pasen tampouco as facturas, coma as están pasando para poder tramitalas en tempo e forma."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moitas grazas. Portavoz do Partido Socialista de Galicia, o seu último turno, por favor."*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:** *"Agradecerlle aos diversos grupos políticos o apoio para a aprobación desta proposta e ao mesmo tempo discriminar ao grupo político XD, porque igual, na súa época de goberno fixo, non unha, miles de modificacións de crédito."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Eu, antes de pasar á votación, simplemente agradecer a responsabilidade e dicirlle a quen pretende ser protagonista deste tipo de situacións que a situación co tema do servizo de axuda no fogar, complexa para este Concello, complexo para todos os concellos de Galicia, e o Pleno de hoxe, é practicamente un monográfico sobre o Servizo de Axuda no Fogar, de feito, dous puntos máis adiante, temos a aprobación do expediente, que espero que tamén sexa valorado coa responsabilidade que se merece este temos tan importante para os veciños e as veciñas de Dodro, que recórdolle que teñen que atender, que teñen que recibir as súas atencións nos seu domicilios e que é un servizo básico e complexo de executar. Dito isto, procedemos á votación."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 1
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
1 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

## 5. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO NUM.1/2025

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

**"Expediente:** 2025/X999/000024
**Asunto:** Recoñecemento extraxudicial de crédito
**Trámite:** Proposta de acordo

Vistas as facturas, que de seguido se relacionan, presentadas no 2024 e referidas a prestacións realizadas no exercicio 2024 para as que non existía crédito no orzamento de 2024:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Operación | Tercero | Nombre | Texto Explicativo | Ejercicio | Programa | Economica | Registro de entrada Plataforma |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2024/1523 | 8670004955 | 28/11/2024 | 50311,75 | 2202400076 58 | B70091749 | ATTEN DE CARE S.L.U. | SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS DO CONCELLO MES DE OUTUBRO 2024 | 2025 | 2311 | 22799 | REGAGE24e000899454 74 |
| F/2024/1643 | 8670005026 | 12/12/2024 | 51790,84 | 2202400076 59 | B70091749 | ATTEN DE CARE S.L.U. | SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS DO CONCELLO MES DE NOVEMBRO 2024 | 2025 | 2311 | 22799 | REGAGE24e000930732 95 |



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2024/1647 | 8670005033 | 13/12/2024 | 49964,73 | 2202400076 60 | B7009174 9 | ATTEN DE CARE S.L.U. | SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS DO CONCELLO MES DE AGOSTO 2024 | 2025 | 2311 | 22799 | REGAGE24e000933336 27 |

Visto o informe de reparo núm. 2025-0038 emitido pola Intervención municipal o 13/03/2025, dado que se trata de gastos realizados no 2024 sen crédito axeitado e suficiente, vulnerando o principio de anualidade orzamentaria e as facturas corresponden con servizos respecto dos cales non foi tramitado expediente de contratación conforme ao indicado na LCSP . Procede o seu levantamento polo Pleno, consonte ao artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Procede a súa aprobación por parte do Pleno, mediante recoñecemento extraxudicial de créditos, consonte á base 20ª das bases de execución do exercicio 2023 prorrogado para 2025, que establece:

*(…) O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ó Pleno sempre que non exista dotación orzamentaria.*
*Cando no expediente tramitado ó efecto, se acredite a existencia de crédito dispoñible, nas aplicacións orzamentarias de aplicación (aplicacións específicas coa divisionaria 77 "Recoñecemento extraxudicial de créditos"), para facer fronte ás obrigacións derivadas de tal recoñecemento extraxudicial, delégase na Presidencia, o acto material da aprobación do mesmo, todo iso de conformidade co establecido no artigo 60.2 e 60.3 en relación co 26.2 c) do R.D. 500/1990, do 20 de abril. O expediente completo deberá remitirse ó departamento de Secretaría-Intervención, para a súa fiscalización, previa á aprobación. (…)*

Polo exposto, elévase ao Pleno da Corporación a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal no informe núm. 2023-0038, dado que se trata de gastos necesarios e urxentes.

Segundo.- Recoñecer a obriga polos gastos e importes e con cargo ás aplicacións orzamentarias que se sinalan na táboa anterior, por importe de 152.067,32 euros, na modalidade de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2025.
A aplicación destes gastos ao orzamento non suporá perturbación nos servizos e subministros que se deban imputar ao exercicio.
Terceiro.- Ordenar o pago da relación de facturas con cargo á conta aberta en



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Banco Sabadell.

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Esto é, hai un informe e a proposta de acordo do Pleno, que ven a dicir o seguinte: Levantar o reparo para que o que fixemos antes para pagar as facturas, se poida incorporar digamos no orzamento do 2025, que sería por un importe de 152.067,32€, en todo caso, voulle dar unha quenda a cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista."*

**Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:** *"As facturas, coma vimos no punto anterior, foron presentadas no 2024 e corresponden a prestacións realizadas nese exercicio que no existía o crédito no orzamento, correspondentes a ATENDECARE, SLU, polos servizos de axuda ao fogar, coma dicía antes, a do mes de agosto son as que destacan un pouco, porque esqueceuse a empresa, ou motivos tería para no presentala en setembro, pero bueno, vemos que o informe de reparo da Intervención municipal emitido pola Intervención municipal, dado que se trata de gastos realizados no 2024 sen crédito axeitado e suficiente, non foi tramitado o expediente de contratación conforme ao indicado na LCSP, procede o seu levantamento polo Pleno e isto é o que traemos á súa aprobación, sometémola á aprobación polo Pleno, mediante o recoñecemento extraxudicial de crédito."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Grazas. Portavoz da agrupación municipal Xente de Dodro".*

**Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:** *"Simplemente recordarlle que durante os 8 anos que eu fun alcalde, este concello sempre tivo orzamentos en tempo e forma e desde logo, nunca se fixo unha modificación orzamentaria deste nivel e por este importe. As modificacións orzamentarias que se facían, correspondían pois, normalmente a subvencións que este Concello conseguía e que obrigaban a pequenos axustes, dende logo, nunca se fixo, nunca nos cargamos o remanente deste xeito. Pero bueno, á vista está o que xa anunciamos, é dicir, aquí ven dicindo vostede que é importante, non , importante non é, se fora importante vostede tería aprobado o orzamento e vostede tería adicados os recursos quer fan falta aos nosos veciños. Importante no é porque se fora importante, vostede non deixaría sen atención, sen atender aos nosos veciños en tempo de vacacións, cando collen vacacións os empregados. Importante non o é, porque se non dedicaría vostede máis esforzo en atender as persoas do que lle adica a atender aos cans. Importante non o é, en absoluto, porque vostede aos nosos veciños e as nosos maiores, non lles importa en absoluto. Se fora minimamente responsable, desde o ano 23, vostede tería axustado xa as partidas, porque vostede está comprometendo partidas e cartos deste ano e o resto dos concelleiros, non sabemos nin sequera a que se va ¡n a adicar o resto dos recursos deste concello, isto non o fai unha persoa*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*responsable, pero bueno, non pasa nada, aquí acaba de dicir un, falta de política económica o noso concello, pero, vamos a votar a favor, e que da igual que haxa política económica ou non, é que da igual, eu non sei se Castelao tiña estes principios, polo menos tería algún, o que está claro é que estas persoas que veñen a a prometer o cargo co libro Sempre en Galiza, non sei si é que se están rindo de Castelao, ou que realmente e así a súa forma de ser".*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moitas grazas. Portavoz do Partido Popular."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Nada ratificamos o dito no punto anterior."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moitas grazas. Portavoz da Unidade Veciñal."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Nós nada. Tamén ratificar o que dixemos , agora é precisamente cando se levanta o reparo e se ordena o pago. Dicir tamén que algúns debían de aplicarse, precisamente máis ao que dixo Castelao e non falar del, se non facer o que fixo el".*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego".*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"Nada que dicir."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Bueno, eu agora tamén vou a facer uso da palabra porque me parece que ten que quedar claro que a diferenza entre facer uso do remanente e deixar ao Concello con case medio millón de euros de pufo, cando chegamos aquí nós no ano 2019, tamén o hai que dicir, Nós estamos actuando cunha responsabilidade desde o ano 2019, os dous gobernos que se sucederon, un tripartito e un en minoría que por diferentes causas está facendo un esforzo e seguro que nos costa a todos, un esforzo persoal, un esforzo económico, precisamente de non malversación e de non derroche dun solo euro neste Concello. Vemos que todos somos conscientes e agradezo unha vez máis a responsabilidade dos, da case unanimidade cos concelleiros deste Pleno. Non vou a entrar no que se fixo antigamente no tema da cantidade de remanentes de crédito, nin da cantidade de modificacións de crédito que se fixo nas anteriores lexislaturas, porque a veces andabamos pola 50 e pola 51, realmente son dúas formas distintas e eu agradezo a comprensión e a responsabilidade que demostran os concelleiros, en ocasións coma esta. Pasamos á votación, por favor".*

Procédese á votación

Votacións:



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 1
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
1 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

## 6. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS DO CONCELLO DE DODRO

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

**"EXPTE**: 2021/C004/000001
**ASUNTO**: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS
**TRÁMITE:** PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO

A contratación do servizo de axuda no fogar correspóndese cun contrato administrativo de servizos regulado no art. 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en diante LCSP), cuxa necesidade, de acordo co art. 28 do LCSP ven xustificada polas competencias en materia de servizos sociais comunitarios que a normativa autonómica lle atribúe aos concellos.
Con data 05 de marzo de 2025 emitiuse por parte da Traballadora Social municipal informe de cálculo de custes para a licitación do servizo de axuda no fogar a persoas dependentes valoradas do Concello de Dodro.
Con data 06 de marzo de 2025 emitiuse por parte da Traballadora Social



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

municipal e da concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións veciñais, memoria xustificativa da necesidade de proceder á licitación do Servizo de Axuda no Fogar a persoas dependentes valoradas, na cal se acredita a insuficiencia de medios para a execución da prestación.
Consta prego de prescricións técnicas correspondente ao servizo, emitido con data 06 de marzo de 2025 por parte da Traballadora Social municipal e da concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións veciñais.
Consta prego de cláusulas administrativa de data 17 de marzo de 2025 asinado por esta Alcaldía.
Acreditada a existencia de consignación orzamentaria na aplicación 2311.22799 para afrontar parte do gasto que poida representar esta contratación no exercicio 2025 e pretendendo suplementar o crédito na parte restante.
Emitido informe favorable pola Secretaría-Intervención municipal aos pregos de cláusulas e ao expediente de contratación, en data 17/03/2025.
Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional segunda da LCSP ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais, o órgano de contratación do Concello de Dodro é o Pleno, posto que o valor estimado do contrato supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento.
Tendo en conta o que antecede, elevo ao Pleno da Corporación municipal a seguinte proposta de **ACORDO**:
**Primeiro.**- Aprobar o expediente e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios, tramitación ordinaria, do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Dodro, cun orzamento de licitación para a duración de un ano máis dúas posibles prórrogas de 1.991.776,20 € (1.915.169,43 € mais 76.606,77 €).

Disponse a apertura do procedemento de adxudicación na modalidade de procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada (art. 22.1.c. LCSP) e tramitación ordinaria.

**Segundo**.- Aprobar o gasto por importe total de trescentos oitenta e sete mil douscentos oitenta e nove euros con oitenta e dous céntimos (387.289,82 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 2311.22799 do vixente orzamento de gastos, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, condicionado á aprobación da suplemento de crédito por importe de cento dez mil trescentos setenta e catro euros con trinta céntimos (110.374,30 euros).

**Terceiro**.- Publicar o anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) así como no Perfil do contratante e na plataforma de contratación do estado.

**Cuarto**.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

*Documento asinado dixitalmente*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Hai unha proposta que se trae ao Pleno, querela defender ti Mocho, que a tes ben estudada? Vaina defender o portavoz do Partido Socialista."*

Procede á lectura da proposta o voceiro do PSdG-PSOE, Ramón Abuín Gómez

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro".*

**Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:** *"Bueno. O concello de Dodro ten asignadas 2.400 horas mensuais, pero so é capaz de asignar 2.000 horas. Iso demostra o importante que é para vostede a veciñanza de Dodro. Os veciños non están atendidos. Unha mostra máis do que lle preocupa a vostede e tamén a Unidade Veciñal os veciños de Dodro. 57 persoas son as atendidas con 2.000 horas, faltan 400 horas por asignar aos veciños de Dodro, nada máis e nada menos, que o 20%, case nada. Din vostedes: a xestión do persoal necesario por parte do Concello sería inviable, pero eran vostedes e Unidade Veciñal, os que ían a municipalizar o Servizo de Asistencia no Fogar, eran vostedes, pero vostedes menten máis que o señor Pedro Sánchez e Ávalos xuntos. E pretenden vostedes facer unha contratación de 2 millóns de euros en 2025, cos orzamentos do ano 2023. É que lle ganan por goleada a Pedro Sánchez, en corrupción, en incumprir a lei, en pasarse todo polo forro do abrigo. Pero para eso terá sempre o apoio do home valente de Unidade Veciñal, o que está en contra de ALTRI, pero a favor do recheo de Bexo, o que lle cheiraba a depuradora, pero non lle importa que o monte de Bexo se converta no vertedeiro ilegal máis grande de Galicia, pero bueno, igual iso era o que quería Castelao para Galicia, vertedoiros ilegais nos nosos montes, pero non está solo, tamén ten vostede ao seu carón, ao Partido Popular de Ocasión, qu xa o dixo o señor Abuín, agora si se pode falar co PP, claro, cando enganas aos clientes, cando traizoas aos amigos, xustamente é cando podes falar co señor Abuín."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz do Partido Popular. Por favor."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Si hai unha frase que di que o maior desprezo é a ignorancia. Vamos a ignorar o que dio algún portavoz aquí, porque creo que perdeu o norte fai moito tempo. Eh, falando deste tema, si, a nós chámanos a atención, as contas no lle deben de dar ben, ou igual non lle funciona ben a calculadora ao portavoz de Xente de Dodro, porque na memoria que nos dan, feita pola traballadora social, di que no mes de xaneiro, se fixeron un total de 2.223 horas das 2.400 que a Xunta de Galicia nos asigna, faltarían 177 horas, si que nos gustaría saber e que nos dixeran a que se debe e porque estas 177 horas non foran asignadas, si se debe a que faleceu algunha persoa e non asignaron a outra nova ou cal é o motivo.*
*A parte diso, vamos a falar do que nos atinxe e a verdade é que despois de 6 anos xa era sen tempo que trouxeran esta contratación, porque recordamos que*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*este contrato está vencido desde xuño do 2019, fai 6 anos. Viñemos a este Pleno en numerosas ocasións, preguntando por esta contratación, preguntando cando se iba a sacar. O señor Mariño, que naquel momento formaba parte do ¡goberno e ademais, entendemos que era unha competencia da súa área. Cada vez que preguntabamos dicía, xa ven pronto, xa está fiado, e volvíamos a preguntar, volvía a respostar o mesmo, así que despois de seis anos, noraboa, por fin o temos aquí , a ver se se saca adiante neste ano.*
*O que si tamén queremos saber, a parte de preguntar outra, o anterior, é si van a incluílos nos presupostos deste ano e cando vamos a ter os presupostos do 2025."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Si, bueno, nós vamos a ser consecuentes co que levamos dicindo todos estes anos, xa no Pleno de novembro de 2023, a unidade Veciñal de Dodro, presentou, presentaba daquela unha moción co acordo de instar ao b¡goberno municipal a elaborar unha memoria para ver a posibilidade de municipalización do servizo de axuda no fogar e debatelo nun Pleno municipal. O PSOE de Dodro, negouse, ou sea, negouse ata a estudar a posibilidade da municipalización e tamén votou en contra. Nós aquí, vendo os números que traen, seguimos pensando que o servizo prestado polo concello sería máis económico e máis beneficioso para os usuarios, que pasarían a ter un servizo máis personalizado. Hay exemplos de concellos que prestan eles mesmos os servizo e parece que non lles vai nada mal, e non sabemos de ningún que revertera a situación polo mal funcionamento so servizo público. Bueno, por todo eso e polo que levamos dito durante todos estes anos, non van a ter o nos voto favorable para isto."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"Imos ver, nós desde esta oposición, imos dicir o mesmo que cando estabamos no goberno. Mencionouse aquí o mes de novembro, por parte da Unidade Veciñal, que presentara unha moción, eu creo que cos número que temos encima da mesa, é dicir, un orzamento do concello de Dodro de dous millóns e medio, non da para sustentar, agora mesmos, a unha persoa máis de coordinadora a xornada completa, a un barbeiro, tres hora á semana, e 22 auxiliares no fogar, 16 con xornada completa e 6 con xornada parcial. Primeiro que iso, o que se hai que propor, para ver se é posible a municipalización do concello de Dodro, xa o dixemos daquela desde o bng a agora mesmos, volvemos a dicir que é inviable eso da municipalización.*
*Tamén no mes de novembro, o BNG, lle recordaba ao PSO que está no goberno que había que levar a cabo canto antes o prego para licitar o que nos deixara o Partido Popular, sen licitar cando chegamos ao goberno, no mandato pasado. Es é así señora Boga, aínda que non lle pareza, éche así, foi o que nos encontramos nós. O BNG, naquel momento, naquel mandato, fixo os deberes que tiña que facer, a así llo dixo ao Pleno. Chegamos e tan pronto coma acabou a pandemia,*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*os servizos sociais, elaboraron a memoria preceptiva, entregóuselle naquel momento a quen era o responsable de economía e finanzas e aí morreu o conto, señora Boga. O traballo do BNG quedou feito, desgraciadamente, o PSOE non veu o momento, ou no veu a oportunidade, ou non veu o momento político para sacalo adiante e estamos, agora mesmo, cunha alza importante no prezo que se licita, tarde, pero licítase, e nós, creo que eso, deberíamos de telo en conta. E por último, o que dan ganas realmente é de dicirlle á Xunta, mirade, vinde coller este servizo, porque para 12€ que lle dan por hora, 12€. Bueno, ao mellor son 13, son 14, pero o servizo vale máis de 25. Non hai concello en Galiza que poida sustentar, bueno, salvo un concello rico, claro, que poida sustentar este servizo. Xa non falamos da municipalización, falamos dun servizo impropio dun concello como o de Dodro, que repito, dous millóns e medio anual de orzamento, aproximadamente, agora miren vostedes que cantidade hai que destinar a Servizos Sociais e que cantidade da para iso, a Xunta de Galicia, aínda así e todo, con todos os peros, nós entendemos que se é necesaria a licitación canto antes, podía ser antes, non foi, pero benvida sexa, e o BNG si vai a apoiar."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moitas grazas. Eu pra facer, vou contestar ás preguntas do Partido Popular. As obras non executadas, esas 177, xa están explicadas aquí no informe. Di, por suspensión, baixas, sen posibilidade da empresa, altas pendentes e outras incidencias, é moi complicado cubrir as baixas dos traballadores da empresa, coa celeridade que nos gustaría. Quero dicir, a empresa ten problemas de contratación, problemas de servizo e tal. Sobre a, ...tiña outra pregunta máis, verdade? Que me fixo vostede.*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"O dos presupostos."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"O dos orzamentos. Agardamos traelos pronto, en cuestión de semanas, en cuestión de días, case máis de semanas, para este pleno, e de feito, tamén explicarlle ao portavoz de Xente de Dodro, que o contrato de 1.915.000, se vostede tivera a molestia de ler o informe de custos, son 600.000€ por ano, porque se supón que aquí na primeira páxina, xa pon para duración dun ano máis dúas posibles prórrogas e explicarlle tamén que efectivamente, cando nós chegamos aquí no mes de xuño do ano 19, encontrámonos coa non prórroga do contrato da empresa. O que era alcalde aínda, naquel momento, tivo na súa man, con unha lixeira providencia e co apoio da maioría que tiña naquel momento, prorrogar un ano máis á empresa, e non o prorrogou porque no queixo, nós chegamos aquí o 14 de xuño e a prórroga tíñase que ter producido na primeira quincena de xuño, cando nós chegamos, xa non era posible, o alcalde, naquel momento ata ese día 14 tomou a decisión que quixo e foi a decisión de deixar, ao concello de Dodro e aos dirixentes que tomaban o relevo o día 14 con unha empresa que iba a quedar en precario. A diferencia deste señor, nós agora mesmo presentamos tres contratos, digamos, unha licitación dun ano e es todo vai ben, dúas posibles prórrogas que polas datas que estamos manexando, serían 25/26, o primeiro ano, 26/27 o segundo ano, que sería un ano electoral e 27/28, o terceiro ano para que quen veña a este concello no ano 27, teña a oportunidade de atoparse con un ano máis de servizo*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*e de contrato de Axuda no Fogar.*
*Sobre o tema da municipalización ou non, é imposible, a todas luces imposible, que o concello de Dodro xestione unha coordinadora máis e 22 traballadoras deste contrato, mínimo, máis todo o que leva aparellado con todo cos medios que ten agora mesmo o Concello. É imposible, a todas luces, incluso concellos máis grandes e con máis medios, persoais e técnicos, están externalizando este servizo e os concellos que o teñen en proio, moitos deles, unha porcentaxe importante, bueno, porque eu me molestei en falar con eles, pos están cunha situación de persoal, bastante máis complicada que a nosa. Un exemplo que polo para que todos entenda, unha empresa pode contratar traballadoras, con certa , a ver si o digo, no sentido de que non teñan flexibilidade. Por exemplo, non teñen que ser de nacionalidade española, nin de ningún pais da Unión Europea, cando se o concello contrata a unha traballadora, unha das condicións é que ter que ser española ou cidadanía dun pais europeo, e estao, realmente para este servizo, estamos vendo que o complica"*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"En que memoria o fixo?, na memoria que lle pedimos? Non fixo pública a memoria que lle pedimos."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Non, non fixen pública a memoria, estouno contando aquí, porque fixéronse visitas, fixéronse estudos e fixéronse moita contas, non se plasmou nunha memoria, pero fixéronse moitos cálculos. É imposible que o concello de Dodro xestione un contrato de 650.000€ nestas condicións. Entón, polo tanto traemos aquí a contratación que por outro lado é o que había o que está funcionando desde hai bastantes amos neste concello e nos parece que a data de hoxe é o que debe seguir funcionando. Entón, bueno, gustaríame que apelando outra vez a responsabilidade, que non é un tema de goberno nin é un tema de non goberno. É un tema que precisamente que estamos sen este contrato, faise o esforzo e bueno, se non se saca nesta volta, traerase ao pleno ordinario seguinte ata que consigamos aprobalo. En todo caso, imos pasar á votación."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 4
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 3
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1 Xente de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría simple
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría simple dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

**C) MOCIÓNS:**

**C.1) MOCIÓNS ORDINARIAS:**

**7. MOCIÓN DO PP DE SUPERÁVIT PRESUPOSTARIO DO ANO 2024**

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"Maria Soledad Boga Grela, na súa condición de voceira do Grupo Popular no concello de Dodro, ao amparo da normativa reguladora do réxime local, presenta para o seu debate e votación no próximo Pleno ordinario a seguinte **MOCIÓN SOBRE SUPERAVIT PRESUPOSTARIO DO ANO 2024**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Actualmente encontrámonos en situación de prórroga dos Presupostos Xerais do Estado do ano 2023, debido a que non se aprobou unha nova Lei de Presupostos Xerais para o ano 2025, nin se definiron os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira para este ano.

Neste contexto, as entidades locais, descoñecen a situación na que quedan as Regras Fiscais para o ano 2025 e por tanto descoñecen como se aplicará o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira en relación co destino do superávit orzamentario, así como a posibilidade de destinar o superávit do ano 2024, ao establecido na Disposición Adicional Sexta da mencionada Lei Orgánica.
Dada a actual situación financeira dos concellos e o retraso do Goberno de España en abordar o novo sistema de financiación autonómica para que unha vez establecido este, pactar o novo sistema de financiación local que permita ás entidades locais facer fronte ao incremento dos prezos dos gastos correntes así como do capítulo de persoal e prestación de servizos aos cidadáns, é imprescindible determinar canto antes "os obxectivos de estabilidade e



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

sostibilidade financeira que serían de aplicación ás entidades locais no caso de que non se aproben os novos obxectivos para el ano 2025".

Neste contexto, é necesario que os concellos poidan destinar o superávit do ano 2024 nas mesmas condicións que o ano anterior, nos termos que establece a disposición adicional sexta, que regula una serie de regras especiais para o destino do superávit orzamentario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou á amortización de débeda.

Polo exposto, solicitamos:

Instar ao Goberno de España a que aprobe un Real Decreto Lei que permita a prórroga do destino do superávit do ano 2024, para as entidades locais no ano 2025, nos termos que establece a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, que regula unha serie de regras especiais para o destino do superávit presupostario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou a amortización de débeda.

Procede á lectura da moción a voceira do Partido popular, Maria Soledad boga Grela.

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moitas grazas. Eu antes de darlle paso ao portavoz do Partido Socialista, dicirlle dúas cousas. É curioso, como que o Partido Popular, leva seis anos demonizando os decretos, os reais decretos lei, e agora dinos , que aprobe, que nós instemos ao Goberno de España a aprobar un real decreto lei, non? Vostedes son capaces de dicir unha cousa e a contraria en practicamente 20 minutos, máis que nada, porque os mesmos reais decretos lei que agora vostedes tanto demonizan, foron os que se aprobaban , con toda a naturalidade durante o nefasto período de Mariano Rajoy, e agora volven vostedes a dicirnos que nós pidamos un destes, non? O Real Decreto para arranxar o que rompeu o Partido Popular, con a súa oposición, unha oposición que ten coma único e exclusivo obxectivo, desgastar o goberno de España aínda que se prexudique á xente e aos concellos. A todo isto, eu acórdome que é a lei Montoro, acórdome que foron os recortes de Mariano Rajoy e gustaríame que vostedes se acordaran e que o tiveran presente. En todo caso, Moncho, faille aí un, está claro que non. Portavoz do Partido Socialista."*

**Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:** *"A Lei Montoro, tecnicamente a Lei de Estabilidade Orzamentaria, puxo un corsé aos concellos. Non se podían gastar os remanentes, entre outras cousas. É dicir, os concellos deixaron de poder gastar os seus cartos para contribuír a alixeirar o déficit do Goberno de España e das Comunidades Autónomas.*
*Non foi ata a chegada do Goberno de Pedro Sánchez en que se empezou a afrouxar ese corsé. Agora resulta curioso que resulta o Goberno de Pedro Sánchez o culpable dos efectos da normativa aprobada polo Goberno de Rajoy.*
*O Partido Popular votou en marzo e volveu votar en setembro en contra do teito de gasto e da senda financeira para os próximos tres anos. Os concellos, as*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*Deputacións e as comunidades autónomas gobernadas polo PP quedaron caladas. Vergoñentamente caladas, a pesar de que esa ocorrencia de Feijoo (como agora lle sucede aos pensionistas e aos usuarios do transporte público) saíulles moi, moi cara.*
*A resultas disto, os concellos saíron tamén moi prexudicados. O bloqueo do PP á senda financeira implicou que os concellos de toda España teñan que facer un axuste de 11.500 millóns de euros entre 2025 e 2026 do que se terían librado de ser un PP un partido de Estado e non vinculado unicamente aos intereses curtopracistas da calle Génova. Así que aquí non estamos falando dunha cuestión abstracta, senón das consecuencias directas dos actos insensatos do Partido Popular no Congreso dos Deputados. Unha vez máis.*

*Estamos na Unión Europea para o bo e para o malo. O bo é que chegan recursos como nunca gracias ao Plan de Recuperación impulsado polo Goberno de España e aos bos fitos económicos deste Goberno, que é o que máis crece de toda Europa. O malo é que hai que cumprir estritas normas de rango europeo sobre a débeda nun escenario postpandemia. E, en lugar de axudar, o PP, como sempre estorba.*
*Polo que nós propoñemos que a moción, unha emenda no total para substituír a parte resolutiva, que sería:*

*Instar ao Partido Popular a iniciar negociacións inmediatas co goberno de España, para aprobar o teito de gasto e a senda de estabilidade plurianual e a continuación, iniciar as conversas para sacar adiante, canto antes, os orzamentos xerais do Estado do 2025 e transmitir este acordo á Federación Española de Municipios e Provincias e pedirlle tamén que colabore para que saian adiante estas iniciativas que este Pleno considera de máximo interese para os concellos de toda España."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz de... non está. Portavoz de Unidade Veciñal."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Bueno, aquí, agora xa se ve que temos a moda aquí no concello de Doro, de tirarnos as mocións á cabeza, uns aos outros, porque xa se ve que o punto, bueno, uns aos outros non , entre o PP e o PSOE, porque eu preséntoche unha e eu preséntoche outra. Bueno, a nós parécenos ben que se aprobe o Real Decreto este e tamén nós vai parecer ben na seguinte do PSOE, ou sexa, que, aínda non sei, estamos a punto nós de presentar unha moción de urxencia, incluíndo os dous puntos da, os dous acordos, porque se non sae un que sae outro, polo menos, ou sexa que nós imos a votar a favor e do outro, na outra que le tiran da cabeza ao PP, tamén lle imos a votar a favor."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moitas grazas. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"Nada que dicir."*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Unha segunda quenda. Estaba pensando que estaba."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Si pouca cousa. Nada nós entendemos que as entidades locais prestan servizos fundamentais e servizos básicos. O importante que é que Dodro poida usar o superávit. A min estráñame todo o relatorio que fixo o portavoz do PSOE, pero o que é importante e o que vai a repercutir na veciñanza é que estes cartos se poidan usar e poidan reverter no veciños e veciñas de Dodro é que non ten máis historia.*
*Que me inste, o que me diga vostede, que me inste aos do Partido Popular a negociar con Pedro Sánchez, cando Pedro Sánchez non recibe ao noso portavoz!, pois que quere que lle diga?, pero sóame un pouco a risa. O importante aquí, son os cartos, iso de instar ao Partido Popular a que negocie con, home, home, o goberno de España xa ten maioría, en principio, non?, xa ten unha maioría Frankenstein, creo que lle chaman. Nada máis que dicir."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moitas gracias, Pois votamos, non, xa está non?Xa está. Procedemos á votación da moción."*

Intervén a secretaria-interventora a fin de aclarar unha cuestión sobre a votación da emenda: primeiro vótase a emenda, e se queda aprobada xa non se vota a moción.

**Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:** *"Repito a emenda?*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Non, xa a oímos, deixa estar. Votamos a emenda."*

Procédese á votación da emenda.

Votacións:
Votos a favor: 5
0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 1



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

## 8. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE DE CONDONACIÓN DA DÉBEDA

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"O Grupo Municipal dos Socialistas de Dodro de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O actual modelo de financiamento autonómico, vixente dende fins da primeira década do século e aprobado baixo o goberno de José Luis Rodríguez Zapatero, foi beneficioso para Galicia debido á consideración das variables que afectan de maneira especial á xestión e garantía dos servizos para as persoas. No caso de Galicia o envellecemento ou a dispersión xeográfica da poboación son dificultades para eses servizos, pois aumentan a demanda e complican a fixación deles de maneira capilar respecto da poboación beneficiaria.

Este modelo está, non entanto, necesitado de ser reformulado. 15 anos despois da súa posta en funcionamento a realidade é distinta, e as esixencias de financiamento son diferentes. Nesta liña o Goberno do Estado ten amosado a súa vontade de ser proactivo nesta reformulación e de chegar a un acordo beneficioso para todas as administración implicadas (CCAA e Goberno do Estado).

Dentro do debate das distintas pancas de financiamento existente, nas recentes datas o Goberno do Estado ven de dar forma e concreción a unha proposta de condonación da débeda autonómica. Esta proposta pretende dotar de maiores recursos ás CCAA, ao liberar de débeda ás propias Comunidades Autónomas, que poderán ver reducida a contía que hoxe inclúen nas súas contas.

Este sistema, en debate dende hai tempo, ten sido obxecto de valoracións e



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

comentarios por parte das distintas CCAA e tamén polos distintos partidos políticos. O principal partido da oposición no Estado e que sostén ao goberno en Galicia, o PP, destacou sempre por soster infundadas opinións pois non existiu ningunha proposta firme ata o de agora. Así valoraban distintas elucubracións sempre interpretadas con vontades conflitivas e destrutivas.

A realidade da proposta de condonación de débeda formulada polo Goberno do Estado é enormemente máis ambiciosa que calquera que se formulase antes, e ofrece para Galicia unha condonación da súa débeda de 4.000 millóns de euros. Galicia ten, hoxe en día, unha débeda autonómica superior aos 12.000 millóns, xerada fundamentalmente polos gobernos do PP dende 2009 que triplicaron a débeda nos 15 anos de goberno. Un terzo dela será asumida polo goberno do Estado no caso de acollerse a este plan.

É máis ambicioso tamén que as valoracións que se fixeron por parte doutras forzas políticas. Así o nacionalismo galego valorou, dende o inicio das conversas públicas sobre o sistema de condonación da débeda, que no caso de que o Estado chegase a acordo coas CCAA, Galicia debería recibir “medidas compensatorias” (acordo investidura PSOE – BNG, 2023, punto 3 na páxina 1). Estas “medidas compensatorias” son unha formulación conformista respecto da proposta actual, enormemente máis ampla e conformada en igualdade de condicións para todas as CCAA.

Este sistema de condonación de débeda, ofertado no conxunto de España a todas as CCAA de réxime xeral, supera todas as previsións previamente establecidas en contías e formato. O cómputo do sistema realízase en función da poboación axustada, o que implica a contabilización das dificultades para ofrecer servizos á poboación, cuestión que mantén criterios que para Galicia son determinantes. Este sistema de cómputo por poboación axustada permite que Galicia, que ten o 5,5% da poboación de España, reciba fondos con un cálculo sobre o 6,7% para ter en conta as características singulares. Tamén cabe mencionar que o sistema computa baixo o conxunto da débeda, non priorizando o feito de que algunhas CCAA teñan máis débeda adquirida co Estado e outras co sistema privado. Este modelo de condonación computa o total, o que equipara ás CCAA e evita desequilibrios. Estas características teñen sido sinaladas tamén por expertos en financiamento, como o Foro Económico de Galicia, como elementos de relevancia para poder acollerse a un sistema de condonación de débeda.

Estamos, por tanto, ante unha proposta enormemente ambiciosa, que supón o primeiro e gran punto de inicio do financiamento autonómico. Supón para Galicia a posibilidade de dispoñer de 4.000 millóns de euros que non debería asumir como débeda, así como os intereses que se evitarían pagar por esa débeda (estimados no entorno dos 100 millóns anuais ata a amortización deses 4.000 millóns).

Este sistema, aplicado no conxunto de España, ven de recibir un ataque furibundo do PP como partido da oposición en España e tamén por parte do



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

goberno de Galicia. O mandato partidista de confrontar contra o goberno de España, que dende Galicia aplica Alfonso Rueda priorizando a súa submisión partidista por riba da súa responsabilidade como goberno de Galicia, pon en perigo a posibilidade dunha enorme axuda para que Galicia poida reinvestir en servizos públicos como sanidade, dependencia, educación ou vivenda.

A actual negativa a acollerse á condonación da débeda é un error enorme, que unicamente responde ao interese partidista ao que se somete o goberno de Galicia, e que pode levar a Galicia a deixar pasar unha gran oportunidade por verse instrumentalizada como ferramenta partidista que utiliza o PP para as súas estratexias estatais.

Toda esta financiación permitiría, ademais, que o goberno de Galicia puidese cumprir coas súas obrigas cos concellos aos que somete a un infrafinanciamento que pon tamén en risco a posibilidade destes de ofrecer os servizos na calidade necesaria, como o caso do SAF.

A isto engádese que a negativa do PP no Congreso dos Deputados a aprobar as medidas económicas que permitían os chamados “ingresos a conta” das CCAA (a través da negativa do coñecido como “decreto ómnibus”), tamén paralizou contías que poderían destinarse a financiar os concellos e que agora as CCAA tampouco achegan ás entidades locais. En Galicia a contía paralizada polo voto en contra do Partido Popular é de 700 Millóns de euros.

**MOCIÓN**

O Pleno municipal do Concello de Dodro aproba instar ao goberno de Galicia a que se incorpore ao plan de condonación de débeda impulsado polo goberno do Estado, que permitirá liberar un terzo da débeda autonómica (máis de 4.000 millóns de euros) que poderán ser destinados a servizos públicos e a financiar os concellos galegos.

Asemade, insta aos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados a aprobar as medidas que o goberno do Estado impulsa para facilitar as entregas a conta ás CCAA, e que estas poidan repercutir unha parte destes fondos en financiar as competencias dos concellos galegos. “

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *“Fai unha lectura rápida e breve, porque aforramos así todos.”*

**Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:** *“Como xa tedes todos a moción esa, voume cinguir ao que pedimos:*

*Que o Pleno municipal do Concello de Dodro aproba instar ao goberno de Galicia a que se incorpore ao plan de condonación de débeda impulsado polo goberno do Estado, que permitirá liberar un terzo da débeda autonómica (máis de 4.000 millóns de euros) que poderán ser destinados a servizos públicos e a financiar os*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*concellos galegos.*

*Asemade, insta aos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados a aprobar as medidas que o goberno do Estado impulsa para facilitar as entregas a conta ás CCAA, e que estas poidan repercutir unha parte destes fondos en financiar as competencias dos concellos galegos."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz do Partido Popular."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"A situación de inestabilidade que está a provocar o goberno do Estado no eido das CC.AA. ven provocada pola súa inacción en tres aspectos esenciais. Estamos xa avanzado o mes de marzo e o Goberno central, nin presentou o proxecto de Orzamentos do Estado, como é o de Dodro , nin actualizou as entregas a conta ás CC.AA., nin impulsou a revisión do sistema de financiamento autonómico.*

*Tres cuestións básicas para Galicia, que teñen un denominador común, as tres son responsabilidade do Goberno central.*
*A revisión do sistema de financiamento autonómico, un asunto no que existe consenso das CCAA para a súa actualización, constitúe a auténtica prioridade para Galicia. En relación a condonación da débeda as CCAA, Galicia non pode aceptar a condonación:*
*Primeiro porque favorece ás CC.AA. incumpridoras e penaliza ás cumpridoras como é o caso de Galicia.*
*Segundo, porque non mellora a nosa capacidade de gasto.*
*Tercero, porque se penaliza a disciplina financeira e a sustentabilidade das finanzas públicas e vulnérase a autonomía fiscal, beneficiando ás CC.AA. que subiron o tramo autonómico do IRPF.*
*Cuarto, porque os galegos e as galegas veriamos incrementado o volume global de endebedamento dos galegos.*
*E quinto, porque non se trata dunha condonación, senón que é unha mutualización da débeda.*
*O BNG e o PSdG, ao igual que fai o Presidente do goberno, Pedro Sánchez, afirman que as CC.AA. para seguir financiando os servizos públicos terán que aceptar as entregas a conta e a condonación da débeda. Por descoñecemento ou por mala fe, esquecen as regras básicas do financiamento das contas públicas:*
*A condonación da débeda non xera capacidade adicional de gasto ás comunidades, xa que a débeda e o gasto global non pode aumentar, en aplicación do principio de neutralidade no impacto do déficit e da débeda pública. Polo tanto, as cantidades condonadas non poderán destinarse ao financiamento dos servizos públicos, nin en Galicia nin nas demais CC.AA. Eses 4.000.000 de euros, non se poderían investir en Sanidade ou en Servizos sociais, por exemplo, porque hai unhas regras fiscais que o impiden. Eses 4.000.000€ unicamente deixarían de ser débeda autonómica para pasar a ser débeda estatal, e o que diga o contrario, minte. En Galicia non somos parvos e sabemos moi ben que a condonación da débeda non ten outro obxectivo que contentar aos socios separatistas que sustentan o goberno central. Sábeo Pedro Sánchez e tamén o sabe a oposición en Galicia, que inexplicablemente non deixa de defender unha*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*medida que é prexudicial para os galegos e que defenden só por intereses partidistas. E o BNG, no acordo asinado para investir a Pedro Sánchez presidente reclamaron o mesmo tratamento que Cataluña nunha suposta condonación de débeda. Coa proposta da Ministra a débeda por poboación axustada de Galicia é case 1.000€ inferior por habitante en relación a Cataluña, señor Mariño. Acaso quere o BNG seguir enganando aos galegos dicindo que isto é igualdade no trato? Nada máis que dicir."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz de unidade Veciñal."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Pois nada máis, agradecer a capacidade de resumo do señor Abuín, e nada nós imos a votar a favor, porque nos parece ben, perfectamente."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz do Bloque Nacionalista galego."*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"Si, brevemente, porque hai xente aquí moi entendida. Eu simplemente, quería única e exclusivamente e falar da condonación é algo así como, hoxe temos unha hipoteca e nos din que nos va a perdoar unha serie de cartos, de facturas e de hipoteca e nós que non. É así, nin máis nin menos, e logo despois o Partido Popular iría a correr se isto pasar aquí, iría a correr para as outras autonomías nas que goberna o Partido Popular, a pedirlle o mesmo a Madrid. Mire, o PP ten un problema enorme, considera que Galicia é un satélite de Madrid, nin sequera é unha comunidade autónoma, ten un complexo enorme de dependencia de Madrid e iso é o que lle fai que estean, única e exclusivamente amarrados ao que lle di Génova. Efectivamente, señora Boga, o punto tres so acordo para que Pedro Sánchez fora presidente do goberno, firmado por Ana Pontón e a segunda persoa que se chama María Jesús Montero, firmaron xustamente que en caso de condonación das débedas adquiridas polas comunidades autónomas adheridas ao Fondo de liquidez autonómicas, establecemento de medidas análogas para Galicia, no marco das compensacións a aquelas comunidades autónomas, nin sequera falaban de cantidades, pero si medidas análogas ás outras comunidades autónomas. É pedir moito o que nós podemos ter como unha débeda menos?"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Para defender a moción vai facer a última quenda o portavoz do Parido Socialista de Galicia."*

**Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:** *"O actual modelo de financiamento autonómico, foi promovido e posto en marcha polo goberno de Zapatero no 2010. Xa de aquela, hai 15 anos, o PP dicía que o novo modelo de financiamento responde as necesidades persoais do presidente e a súa debilidade parlamentaria e é necesario contentar aos seus socios de Cataluña. Hoxe o PP, defende aquel modelo e ataca a vontade de modificalo. A condonación da débeda é un punto de inicio para o financiamento autonómico, pois permite ás comunidades autónomas, liberar parte da súa débeda. O plan proposto, faría unha quita de 4.000 millóns de euros de Galicia, que debe*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*aproximadamente doce mil cen millóns de euros, a maioría, xerada polos goberno do PP desde o 2009, que triplicaron a débeda de Galicia. Mire, se unha familia que ten unha hipoteca, recibe a oferta de que o banco lle condona a débeda, nun 33%, debe aceptala ou non? Esos señora Boga, poderá dicilo. A quita proposta é dun 33% da débeda total de Galicia, un de cada 3€ que asumiría o Estado, xa non sería débeda de Galicia, negarse a aceptar a condonación por cuestión partidista e pola oposición de Feijoo no Estado, é un erro histórico.*
*A proposta, inclúe dúas cuestións esenciais para Galicia. O cómputo do modelo sobre poboación axustada, é dicir, que se consideran as dificultades para ofrecer os servizos públicos que se financian con estes Fondos. E dous, forman parte todas as comunidades autónomas do réxime xeral, lonxe das patrañas que se contaron fai tempo de que os sistemas de financiamento e condonación de débedas se farían só con algunhas comunidades autónomas, a proposta actual diríxese a todas as do réxime xeral, Euskadi e Navarra, non, porque non entran no sistema de solidariedade. Esta é unha proposta de Estado que non prioriza territorios, se non que establece criterios para financiar a adopción. Vostede falaba que beneficiaba a Cataluña. O PP utiliza dúas cuestión, E mire, é un modelo feito á medida de Cataluña, é dicir, Cataluña terá unha condonación do 20%, Galicia do 33%, se é bo para Cataluña é aínda mellor para Galicia. A comunidade que máis débeda que máis débedas se condonará, será Andalucía, tamén gobernada polo PP, 18.900 millóns de euros. A comunidade autónoma que máis do 30% da súa débeda verá condonada, é Canarias, tamén do PP, co 50%. As comunidades autónomas que máis débeda terán condonada per cápita son: Andalucia, PP, comunidade Valenciana, PP e Murcia, PP. Galicia está por riba desa media de condonación, negarse a aceptar a quita porque outros tamén están beneficiados é como non aceptar unha quita de hipoteca porque ao veciño tamén lle fagan a mesma oferta. É un modelo trampa que non elimina o debate, a débeda seguirá sendo do sistema público. De acollerse ao modelo, a débeda baixará en 4.000 millóns de euros nas contas públicas de Galicia. Negarse a isto é mentir. Hai que falar do financiamento autonómico e non da débeda. Condonar débeda, 4 mil millóns de euros e xa financiamento autonómico e en grandes cantidades.*
*O BNG, tal como dixo o seu voceiro no acordo de investidura do actual presidente, tamén falou dunhas medidas compensatorias. Foi unha formulación conformista por parte do BNG, que foi o único que entón demandaba. A proposta actual é en igualdade de condicións para as comunidades autónomas, non con compensacións. Os socialistas facemos unha proposta ambiciosa e desde Galicia traballamos por unha medida que destaca a importancia importancia da nosa comunidade autónoma. Somos os que defendemos Galicia nas grandes decisións do Estado."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moitas grazas. Imos a pasar á votación."*

Procédese á votación

Votacións:



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

## 9. MOCIÓN DO PP DO PLAN DE RISCO DE INUNDACIÓNS

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"Dª. Mª Soledad Boga Grela, como Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Dodro, e ao amparo do disposto no regulamento orgánico municipal do Concello de Dodro, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte
**MOCIÓN**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data 30 de setembro de 2024, o Consello da Xunta de Galicia aprobou a revisión do **Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia** (INUNGAL) e foi publicado no DOG do 28 de outubro.

Este plan establece o contido mínimo dos plans de actuación municipal ante o risco de inundacións e/ou rotura de presas e establecen a organización e actuación dos recursos e servizos locais ao obxecto de facer fronte ás emerxencias por este risco dentro do seu ámbito territorial.



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Segundo o anexo II do Plan, o concello de Dodro está incluído como concello con risco potencial significativo de inundación en varias áreas, e ten a obriga de elaborar un plan de actuación municipal. A Dirección xeral de Emerxencias remitiu fai meses unha carta ao concello informando deste plan e da obrigación de facelo.

A elaboración e implantación deste plan municipal implicaría reducir os danos en caso de emerxencia, aumentando a resiliencia da poboación exposta e dando unha resposta coordinada, eficaz e eficiente.

É importante contar con el para garantir a correcta coordinación e actuacións ante o risco de inundacións de cara a diminuír os riscos e reducir as posibles consecuencias negativas.

Por todo isto propoñemos ao Pleno Municipal do Concello de Dodro a aprobación do seguinte ACORDO:

-Iniciar o procedemento para a elaboración dun Plan Municipal ante o risco de inundacións."

A voceira do Partido Popular, María Soledad Boga Grela, procede á lectura da moción.

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Bueno, vou a actuar eu agora de portavoz do partido Socialista. A ver, non temos ningún problema en iniciar o procedemento, pero bueno, recordarlle que estaba revisando aquí o INUNGAL e nós estamos afectados aquí polo río Ulla e o río Sar, cos concellos de Pontecesures, Padrón, Catoira, Dodro, Rianxo e Rois, ningún deles ten aínda iniciado nin elaborado o Plan Municipal do INUNGAL. Nós iniciaríamos , como non pode ser de outra maneira e non sabemos cando o teremos porque vamos, é un custo que a Xunta, a parte de incluírnos nisto, por podía dotarnos dalgún medio económico para a elaboración do Plan e xa postos, podería actuar de solidario responsable cos concellos e elaborar un plan específico puntual para os concellos afectados, pero bueno. Dito isto, or nós non habería excesivos problemas en iniciar a tramitación. Portavoz de  Unidade Veciñal."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Bueno, nó estamos de acordo, recordarlle ao alcalde que se son pioneiros na elaboración deste Plan, imaxino que non penalizará ser os pioneiros, ou sexa que, non creo que teñan problema por eso. E imaxino que si non é obrigatorio,*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Non o descarte, non o descarte, que cando bueno...."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Imaxino que si é obrigatorio, terá algún tipo sde subvención, esperemos que nolo aclare a portavoz do Partido Popular. Nós estamos de acordo."*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"No mesmo sentido que acabamos de escoitar. Gustaríanos, a parte de facer un plan que é moi bonito desde arriba, pero se non hai cartos ou non hai ningún tipo de achega para que se desenvolva un plan. Quen mellor sabe cal é a situación son os que viron a necesidade de facer un plan para os concellos. Entón, paréceme un pouco estraño que cada un de nós teñamos que facer un plan, sen saber de que maneira podemos contar coa Xunta. De todos os xeitos, o BNG neste sentido, si que vai a apoiar."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Bueno, pois nada. Eu dicir outra vez, perdón."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Non pero é quenda de peche."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Si, si, bueno, pero eu quería rematar. Por favor, quenda de peche e acabo."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Mire, Dodro é un dos quince, quince, concellos da Coruña que ten a obriga de elaborar este Plan, porque ten risco de inundacións, e é importante, non dixen que eran quince pero dígoo agora, é importante contar con este Plan para previr e para diminuír os riscos que poidan ter os veciños e as veciñas. O que si lle pediríamos ao goberno local é que actúa coa mesma lealdade institucional que actúa a Xunta de Galicia co concello de Dodro. Porque, pouco máis ou menos, vostede acaba de dicir, que o faga a Xunta. O BNG, un pouco máis polo estilo, pero a Xunta cumpre cpn Dodro, a Xunta de Galicia cumpre con Dodro, e vese reflectido en moitas axudas de subvencións ou convenios de colaboración que asigna a Dodro, a pesar, incluso a veces, de que Dodro non cumpre cos requisitos io¡ou rechaza algunha que outra axuda e vámolo a deixar aí. O que é importante aquí é ter o Plan, eso é prioritario para previr desgracias para os veciños e para as veciñas Falar e botarlle a culpa a outros, cando ao mellor o concello de Dodro, ou xa no vou a dicir nada ao mellor, cando o concello de Dodro non cumpre, cando a Xunta de Galicia, lles da cartos ou lles dá subvencións, ou lles ofrece menos colaboración, me parece que aquí directamente, o que están facendo é mentir. Nada máis que dicir."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"A ver, bueno que quedando claro, todos estamos de acordo en que a Xunta nos obriga a facer o plan municipal de acordo a INUNGAL, nos obriga directamente qu qu vamos, con moción ou sen ela, vamos a iniciar o procedemento. Tamén quero que quede claro que a Xunta obriga a moitas cousas aos concellos e despois carga cunha serie de custos, por exemplo, a lei de protección animal, que a pagan integramente os concellos. A Xunta obriga aos concellos do PP e do PSOE a xestionar unha serie de servizos, dunha maneira que despois recaen nas arcas municipais. Entón, isto parece, unha cousa máis,*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*simplemente é un comentario, pero bueno, se vostede se sinte moi aludida, pois eu síntoo moito máis, pero realmente é a sensación que temos moitos de nós. En todo caso, vamos a proceder á votación, se vos parece."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

## 10. MOCIÓN DE UVD DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Unidade Veciñal de Dodro, comprometidos coa loita contra o cambio climático e a mellora da calidade do aire no noso municipio, considera necesario impulsar medidas que fomenten o uso de vehículos máis respectuosos co medio ambiente. A transición cara a unha mobilidade sostible é un obxectivo prioritario para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e mellorar a saúde dos nosos veciños.

Os vehículos eléctricos e híbridos representan unha alternativa limpa e eficiente aos vehículos de combustión tradicional, contribuíndo significativamente á redución da



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

contaminación atmosférica e acústica. Ademais, o fomento destes vehículos está aliñado coas políticas europeas e nacionais de descarbonización do transporte.

Considerando que o artigo 95.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, permite aos concellos establecer bonificacións de ata o 75% na cota do IVTM para vehículos menos contaminantes, propoñemos establecer unha bonificación do 75% para vehículos eléctricos e híbridos.

Esta medida non só beneficiará aos propietarios destes vehículos, senón que tamén servirá como incentivo para que máis veciños opten por alternativas de transporte máis sostibles, contribuíndo así a un futuro máis limpo e saudable para Dodro. Ante todo o anterior a Unidade Veciñal de Dodro propón o seguinte
ACORDO:

-Instar ao alcalde de Dodro a modificar a Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do Concello de Dodro para incluír a seguinte bonificación: "Establécese unha bonificación do 75% da cota do imposto para os vehículos clasificados no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico como vehículos eléctricos de batería BEV , vehículos eléctricos de autonomía estendida REEV , vehículos eléctricos híbridos enchufables (PHEV) cunha autonomía mínima de 40 quilómetros ou vehículos de pila de combustible. Esta bonificación aplicarase de oficio para todos os vehículos que cumpran os requisitos, previa comprobación no Rexistro de Vehículos da DGT.
A bonificación terá carácter indefinido, mentres o vehículo manteña as características que dan dereito á mesma."

Procede á lectura da moción o voceiro de Unidade Veciñal de Dodro.

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moitas grazas. Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

**Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:** *"Si, vou ser breve. Actualmente, perécenos inviable economicamente e agora mesmo, beneficia máis, digamos aos máis podentes, que poden adquirir ese tipo de vehículos , nun futuro, si que lle dariamos ese, digamos este beneficio da exención do pago da ITV."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz do Partido Popular."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Sen ningunha dúbida o compromiso e a loita contra o cambio climático é unha realidade e algo no que todos debemos aportar o noso gran de area. Pero hai que facelo con coherencia, con coñecemento de causa e comezar polo máis prioritario e necesario. Falan na moción de que os vehículos híbridos representan unha alternativa limpa e eficiente aos vehículos de combustión tradicional, eso é o que din vostedes.*
*Saben vostedes que os vehículos híbridos máis asequibles teñen un motor de 3*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*cilindros de combustión de gasolina?*
*Tamén din na moción que a medida que propoñen servirá como incentivo para que máis veciños compren o tipo de vehículos que propoñen vostedes.*
*Saben vostedes que un coche híbrido-eléctrico teñen un custo entre un 60 e un 70% máis que fai catro anos? Que custan bastante máis?*
*Son conscientes de que a poboación está reparando os coches antigos que teñen porque a gran maioría non pode comprar un coche híbrido e moito menos un eléctrico polo alto coste que teñen?*
*A cantas persoas beneficiaría a redución deste imposto si a maioría destes vehículos non chega ao tramo de 12 cv fiscais e o custo do imposto é inferior a 40€? e despois de pagar un vehículo tan caro, eu creo que non lles importa demasiado a redución dun 75% de 39 e pico euros.*
*As estadísticas ademais están aí para algo e cerca do 70% das ventas de vehículos usados, son vehículos que teñen máis de 15 anos de antigüidade, porque a poboación non pode asumir un custo destes coches.*
*Si un veciño ou veciña compra un coche barato porque non pode asumir o custo dun eléctrico ou dun híbrido, non é máis razoable que se lle axude e bonifique a este veciño e non ao que compra un coche máis caro? E vamos a deixar a pregunta aí, no aire.*
*De todas as formas, igual os concelleiros que estamos aquí sentados, deberíamos de dar exemplo. Porque vostedes saben que algúns coches contaminan máis, si os máis antigos contaminan máis aínda e si son diésel máis aínda.*
*E por certo, xa que fan esta moción deberían de apostar pola eficiencia enerxética, e deberían de pedir tamén, que se poñan enchufes en todas as aldeas para poder cargar os vehículos eléctricos.*
*Nos pensamos que o concello ten problemas, en este momento máis importantes e cousas máis prioritarias onde meter os cartos para axudar á veciñanza. Por exemplo, así, o primeiro que se me ocorre, pagando as axudas á escolaridade do ano pasado que aínda están sen aboar.*
*E si queren loitar contra o cambio climático, era mellor que nos déramos unha volta polo concello e nos dedicaramos a recoller papeis, plásticos, botellas, e lixo que se vai tirando por aí e empezar por aí. Nós non imos a apoiar esta moción"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz do Bloque Nacionalista galego."*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"Nós temos unha serie de consideracións. Primeiro: entendemos que para levar adiante o que propón a UV faría falta alta un informe de viabilidade da ordenanza para iniciar o que piden.*
*Segundo: a nosa ordenanza di no seu Artigo 2 : O imposto sobre vehículos de tracción mecánica, é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, polo tanto como encadralo, é dicir que se grava a posesión do vehículo, que sexa a tracción dunha maneira ou doutra.*
*Terceiro , non menos importantes para as persoas que estamos na oposición e que ao mellor algún día optamos a ser elixidos outra vez concelleiros, alcaldes ou alcaldesas e coas contas do concello de Dodro (non distintas da de outros!) se*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*facemos unha mingua para todos tal e como di a moción dun imposto como se vai sustentar un concello?En todo caso sería de estudar incentivos, a parte dos que xa poden ter ao mellor a adquisición deste tipo de coches, que si ten emisións máis limpas que o gasóleo, pero como se acaba de dicir aquí, é moito máis contaminante a súa creación e a, como se di cando despois non queremos o coche?a súa reciclaxe, non? Entón, nós veríamos que os incentivos estarían para certo tipo de persoas persoas con discapacidade ou mesmo organizacións sen ánimo de lucro."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moitas gracias. Bueno eu agora vou facer un...Bueno, acaba ti Xoán Xosé, que tes a última quenda de."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Bueno, responderlle aquí ao portavoz do BNG, que non é mingua para todos os coches, é unha mingua soamente para os coches eléctricos e o que acabo de nomear, nomeei no corpo da moción, non é para todos os coches e xa hai unha bonificación para discapacitados e para os condutores de coches, de calquera tipo de capacidade, xa hai non concello unha diminución do imposto, unha redución do imposto. O tema é que o imposto sobre vehículos de tracción mecánica está baseado agora mesmo nos cabalos fiscais, simplemente nos cabalos fiscais. Desde a Unidade Veciñal de Dodro, considerámolo inxusto por varias razóns, eu aí vóuvolo dicir agora e debíase basear na contaminación dos vehículos, xa que se calcula segundo a potencia fiscal do coche, que non reflicte directamente o impacto ambiental, isto significa que vehículos cunha alta potencia fiscal pero baixas emisións, poden pagar máis, agora mesmos, que outros con menor potencia pero maiores emisións, eso está pasando agora mesmo, é o caso polo que presentamos esta moción, eso é así. As razóns polo que é inxusto o actual imposto é o seguinte: porque fomenta a desconexión co impacto ambiental. O imposto calcúlase segundo o que dixen antes, a potencia fiscal do vehículo, que non reflicte directamente o impacto ambiental. Desigualdade entre tecnoloxías, os motores diésel, normalmente teñen maior potencia fiscal que os motores de gasolina, o que os penaliza no imposto, aínda que algúns diésel modernos, poden ser máis eficientes e máis contaminantes que algúns motores de gasolina, si, hai motores diésel que teñen a etiqueta ecolóxica perfectamente, non incentiva a sostibilidade ao on basearse nas emisións, o imposto no proporciona un incentivo claro para que os consumidores opten por vehículos máis limpos. Isto contrasta con políticas que promoven a redución de emisións e o uso de vehículos eléctricos ou híbridos. A competencia fiscal entra municipios. A capacidade dos concellos para ofrecer bonificacións fiscais , pode crear unha competencia fiscal que non sempre se aliña con obxectivos medioambientais, isto pode levar a que algúns municipios ofrezan descontos máis xenerosos para atraer a residentes, todo o contrario do que fai Dodro, actualmente. Por exemplo, A Coruña, A Coruña ofrece unha bonificación do 75% de maneira indefinida para vehículos con motores eléctricos, emisións nulas ou que usan gas, Santiago de Compostela aplica unha bonificación do 75% de maneira indefinida para vehículos eléctricos, Vigo, proporciona unha bonificación do 75%, con carácter indefinido para vehículos eléctricos ou a gas e Ferrol, ofrece unha redución do 50% do recibo de forma indefinida para vehículos que usen enerxías non contaminante. Aquí hai concellos da Coruña do PSOE, de Santiago do BNG, de Vigo do PSOE e de Ferrol do PP. Hai de todos os lados e todos ofrecen bonificacións".*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moi ben, moitas gracias. Eu quería facer unha puntualización tamén en calidade de alcalde, pronto van a ter os voceiros un borrador de orzamentos e non parece razoable que neste momento, o concello de Dodro, beneficie fiscalmente a uns vehículos que neste momento, como moi ben dicía o portavoz do Partido Socialista, non son os máis usados nen son os máis demandados pola poboación do concello de Dodro, Si que é verdade que este alcalde e este grupo de goberno, está intentando constituír unha comunidade enerxética que levaría como un dos puntos, hoxe pola mañá asistín a unha reunión na FEGAMP para a creación de outro proxecto piloto de outro concello en Galicia, par intentar constituír a comunidade enerxética que incluso podería levar cargadores gratuítos para todos os usuarios de coches eléctricos, iso non suporía unha carga, en principio, para as arcas do concello e suporía vantaxe para os usuarios que evidentemente terían que cargalos onde estiveran establecidos estes puntos de recarga, non terían ningún custe e serían todo beneficios e me parece que iso tamén é un punto a ter en conta e é unha das cousas que podería mellorar, en todo caso, nós pensamos que agora non toca ao concello de Dodro ningún beneficio fiscal de esta índole. En todo caso imos a proceder á votación."*

Procédese á votación
Votacións:
Votos a favor: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 5
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 1
1 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Estado Proposta: Rexeitada

## 11. MOCIÓN DE UVD DE PROXECTO DE REHABILITACIÓN DA EIRA DA MALLA DE BEXO

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

literalmente:

“MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Eira da Malla en Bexo é un espazo no que se desenvolven distintas actividades culturais como concertos, festas da aldea, asembleas e todo tipo de encontros cos veciños mesmamente do goberno do Concello de Dodro. O estado deste espazo público é de abandono por parte do goberno de Dodro que só se limita á roza un par de veces ao ano con motivo das festas en xaneiro e xullo. Os bancos que se instalaron fai 15 anos están en mal estado, as farolas que se instalaron daquela están avariadas e fáltanlle elementos, o empedrado non está ben rexuntado e as herbas medran sen control polo medio delas. Os asistentes ás actividades non teñen onde sentarse cando hai concertos ou conferencias como se programan habitualmente por parte da comisión de festas. Tampouco hai un enganche de enerxía eléctrica para poder conectar alumeado adicional ou calquera equipo de son. O acceso peonil, aparte de ser moi estreito é moi perigoso debido a unha tapa de sumidoiro no que xa escorregaron varias persoas.

Sabemos que estas deficiencias foron transmitidas ao Concello de Dodro por rexistro oficial por parte da Asociación de Veciños de San Xoán de Laíño. Ante todo o anterior presentamos o seguinte

ACORDO:

Instar ao alcalde de Dodro á elaboración dun proxecto de rehabilitación da Eira da Malla de Bexo, en colaboración coa Asociación de Veciños de San Xoán de Laíño, onde se contemple a construción dunhas bancadas similares ás da Eira da Lavandeira de Imo xunto coas actuacións necesarias para dita rehabilitación.”

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *“Hai outra moción, que é da Unidade Veciñal de Dodro. Por favor o portavoz da Unidade Veciñal”.*

Procede coa lectura da moción o voceiro de Unidade Veciñal de Dodro, Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *“Moi ben, espera un segundiño. Vai contestar o portavoz do Partido Socialista de Galicia, por favor.”*

**Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:** *“Primeiramente indicarlle que si, si estamos de acordo, estamos buscando a maneira de financiamento e agardamos que para o ano que ven poidamos rehabilitar esa malla, que consideramos que é importante facelo.”*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *“Portavoz do Partido popular.”*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"A rehabilitación da Eira da Malla en Bexo foi unha das propostas que este grupo municipal lle fixo ao equipo de goberno para incluílo no POS adicional deste ano. Evidentemente quedou claro que non temos o mesmo peso que vostedes e non a incluíron nas obras a realizar. Preguntámonos, por que non negociaron vostedes esta obra para incluíla xunto coas outras que lles presentaron? No acordo falan de construír unhas bancadas similares ás da Lavandeira de Imo pero deben ter en conta que na Eira da Malla tres dos catro lados son propiedade privada, que supoñemos que llo recordará agora na súa intervención o Señor Mariño.*
*No acordo din que o proxecto se elabore en colaboración coa Asociación de veciños de San Xoán de Laíño e non coa Asociación Cultural Virxe do Carme de Bexo. Cal é o motivo polo que a exclúan a esta outra asociación que hai en Bexo? Sobre todo, sabendo que os verdadeiros usuarios, ou os que máis usan a Eira da Malla, son os da comisión de festas de Bexo, que é esta asociación, a da virxe do Carme. Máis ben parece que queren condicionar este arranxo as súas ideas e ao seu parecer, ou sexa, mandar dende a bancada, porque unicamente que sexa porque o portavoz de Unidade veciñal, forma parte da directiva de esa asociación que vostedes mencionan, porque se non, non o entendemos. Nós queremos presentar unha emenda e no acordo, unha de dúas, ou excluír a colaboracións coa Asociación de veciños de San Xoán de Laíño ou incluír tamén á Asociación cultural Virxe do Carme"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego".*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"Parécenos ben o corpo da moción. É necesaria non só a Eira da Malla se non todas as eiras, ocuparse delas. É certo que os bancos que está alí xa se deterioraron, pero bueno, de levarse a cabo, de saír adiante a moción o goberno tería que ter en conta os elementos patrimoniais que hai alí, o chan onde se facía a malla, os erguedeiros o respecto, polo tanto das graneiras. Ao BNG, non lle queda nada claro, que pinta nisto a Asociación de Veciños de San Xoán de Laíño, non sabemos moi ben porque é unha asociación de veciños da parroquia e non sabemos se isto o pide a Asociación de Veciños se este arranxo o pide a Unidade Veciñal, gustaríanos que nos aclararan isto. A min nin a ninguén do BNG nos transmitiron que houbera unha necesidade imperiosa de acometer as obras que agora se mencionan nin da Asociación de veciños, nin desde os propios veciños."*
**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Xa quedou explicada a postura do Partido Socialista. Bueno, perdoa Xoán, tes unha segunda quenda."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Nada, para poñer unhas cantas cousas en claro. Que solicitou por escrito ao concello, foi o arranxo da Eira da malla de Bexo, foi a Asociación de veciños de San Xoán de Laíño e quen a leva solicitando dende tempos inmemoriais. Basicamente, tamén dicirlle á portavoz do Partido Popular, que a Asociación cultural, a maioría dos membros da asociación cultural pertencen ou son socios da asociación de veciños, e a sociedade de veciños, engloba toda a parroquia e engloba tamén á asociación cultural que son, unha é a asociación de veciños e isto, unha*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*asociación cultural, en Dodro hai a asociación cultural de Bexo, asociación cultural, a de Imo, os que fan as festas, pero a asociación de veciños engloba a todos. A asociación de veciños son agora 174 socios. A asociación cultural, cantos socios son? Cinco ou seis, imaxino, a ver, estamos falando de cousas diferentes, ou sexa que."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Unha emenda ou se quita ou se poñen as dúas, esa é emenda que presentamos nós, válenos calquera das dúas opcións"*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Pois se queren, poñemos tamén á asociación cultural de Bexo, non hai problema ningún."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Entendo que hai que votar."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Non hai problema. Quen fixo a petición foi a asociación de veciños."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Buenos pero non está facendo."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"A nós, á Unidade Veciñal de Dodro, nos veu a asociación cultural a pedir eso."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Desculpade, isto non é un debate, por favor.*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Nós presentamos esa emenda, eu entendo que hai que votala."*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"Que se engada tamén a asociación."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Ou se engaden as dúas asociacións ou se quitan e non se pon."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Non hai problema."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Non hai problema para que? Para quitar ou para engadir?, Xoán, non hai problema para quitar , Xoán, para un segundo, Non hai problema para quitar ou para engadir. Quero dicir, que na emenda de Marisol que non hai problema para que?"*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Engádese."*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"A asociación, a parte da de San Xoán, de engadir a ."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:***"De todas maneiras, antes de proceder á votación a emenda incluída, vamos a, estase instando ao concello a acometer unhas obras de"*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Non perdón, non é acometer unhas obras, é elaborar un proxecto que non o hai."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Por eso digo..."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Tampouco é acometer..."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Vale, ben, perfecto. Nada, non vamos a deixar, non perdemos moito máis tempo. A emenda do Partido Popular. Votamos a emenda entón."*

Procédese á votación da emenda

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por unanimidade dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

## 12. MOCIÓN DO BNG DE RECOÑECEMENTO ÁS CANTAREIRAS DE DODRO COMO TRANSMISORAS DO PATRIMONIO CULTURAL

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

**"MOCIÓN**
**RECOÑECEMENTO ÁS CANTAREIRAS DE DODRO COMO TRANSMISORAS DO PATRIMONIO CULTURAL**

A RAG este ano dedícalle o Día das Letras Galegas ás Cantareiras. Tamén no noso concello foron moitas as mulleres como no resto de Galiza as que cantaron, conservaron e transmitiron parte da cultura que delas herdamos.

Non hai campo da cultura galega no que a muller non estivera presente e sen embargo si estivo nun segundo plano fronte á maior presenza masculina.

Moitas foron as mulleres que nos deixaron dalgún xeito o legado, unhas veces herdado e outras creado. Todos deberiamos saber das nosas mulleres que deron a coñecer parte da nosa riqueza como pobo. Grazas a elas e a persoas estudosas do noso folclore e tradición como Guillerme Inacio Costa, Xavier Díaz entre outras persoas que recorreron o país incluído Dodro, hoxe atopamos esencias das nosas aldeas espalladas, adaptadas ou evolucionadas polo mundo. Nunca ata o de agora o concello fixera nada sobre isto, soamente a Asociación de Veciños de San Xoán de Laíño fixo achegas no ano 1993. Se cadra a aldea de Dodro que máis perpetúa a cultura de cantar, tocar e bailar é Teaio, a xulgar polas gravacións alí feitas a algunhas das persoas que compartiron o seu saber con varios folcloristas que pasaron ao redor dos anos noventa. Co risco sempre de esquecer involuntariamente a algunha persoa hai que nomear a: Joaquin Romero Rey (cante e baile), Gumersinda Romero Rey (canto, baile e pandeireta), María Rial Iglesias "Maria do Lelo" (cante e pandeireta), Ramona Soto "Ramona de Soto" (baile e pandeireta), Manuel Garrido "Manuel de Soto" (baile e pandeireta). Carmen Romero Rey (canto, baile e pandeireta). Outras persoas gravadas foron Evangelina Romero Gómez nacida en 1922 pandereteira, Cándida Garrido Rivas nacida en 1932 que tocou e cantou, Isaura Garrido Freire nacida en 1934,... sabían cantas - cuartetas-, carangas -baile agarrado-, dansas, pateados e muiñeiras. Pero tamén noutras aldeas sabemos de pezas por María Sóñora Baleirón da Devesa, Manuela Bondad Seoane de Castro; de Bexo a señora Concepción de Constante (canto, tradición oral e creación), Asunción Rial pandeireta e cuartetas; de san Xulián gravadas seguramente en Reboiras Pepa, Elvira e Lola son só un exemplo da riqueza patrimonial do noso concello, polo que o BNG de Dodro solicita que se tomen os seguintes

**ACORDOS**



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

1.- Instar a que o Concello de Dodro programe, co formato que desexe, unha celebración co gallo do Día das Letras Galegas na aldea de Teaio por ser onde máis testemuñas de cantareiras hai no concello.

2.- Instar ao Concello a estudar a proposta dunha distinción ás cantareiras de Dodro seguindo o REGULAMENTO ESPECIAL PARA A CONCESIÓN DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE DODRO

3.- Que o Concello elabore e difunda un bando conmemorativo do Día das Letras Galegas adicado ás Cantareiras facendo fincapé nas mulleres de Dodro."

Procede á lectura da moción o voceiro do Bloque Nacionalista Galego,Xoán Bautista Mariño Abuín.

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moi ben. Portavoz do Partido Socialista de Galicia".*

**Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:***"Estudarémolo tema con agarimo e todo eso. Podía ser moi ben, dedicarlle unha praza como a Eira de Teaio, que agora mesmo está ocupada,irregularmente entendo, que podía ser moi ben. Bueno, repítolle que estudarémolo tema e pola nosa parte estamos de acordo."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz do Partido Popular."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Señor Mariño, estamos de acordo con esta moción, estamos de acordo con facer este recoñecemento.*
*Este grupo municipal apoiará todas as propostas que sexan recoñecer o traballo, o bo facer, a cultura popular, etc, etc. Iso si, xa podía vostede ter estas boas ideas na anterior lexislatura, cando vostede tamén gobernaba, e así podería habelas levado a cabo. Nada máis"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Bueno, nós felicitamos ao BNG por volver a Dodro con esta moción. Basicamente, estamos a favor desta celebración en Teaio, porque como ben di a moción, foi nesta aldea onde máis recollidas se fixeron. Aínda me lembro eu, fai unha 50 anos que estaba eu de m¡neno alí, pero non sei quen fixo a recollida daquela, posiblemente foi daquela cando se fixo a recollida da muiñeira de Teaio, que é famosa tamén e que a levan no seu repertorio tódolos grupos folclóricos do país e que posibelmente fora recollida daquela. Estamos tamén de acordo na distinción ás cantareiras e no bando e tamén lembrar que a asociación de veciños de San Xoán de Laíño, vai facer, o día precisamente das Letras Galegas, unha homenaxe ás cantareiras, esperemos que non coincida en hora coa que faga o Concello. E bueno, están todos invitados a ir a ese acto e o BNG tamén."*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz do Bloque, do BNG."*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"Bueno, eu antes de nada, agradecer a todas as persoas que apoien esta moción. Eu creo que é o momento de presentala agora cando aínda resoan os ecos do 8M, sobre todo ás mulleres, eu creo que é o momento. Púidoselle ter ocorrido tamén ao Partido Popular, cando gobernaron aquí durante case trinta anos e non se fixo. En catro anos da tempo ao que da tempo!*
*Agora mesmo creo que é un inicio este feito que imos agora a defender, quen o defenda pero eu creo que virán máis, que detrás desta aprobación, se se consigue, virán máis recoñecementos a Dodro porque afortunadamente está documentado, algo."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moitas grazas. Se vos parece pasamos á votación da moción."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por unanimidade dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

**D) CONTROL DE GOBERNO**



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

## 13. ROGOS E PREGUNTAS.

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Agora pasamos ás preguntas. Hai unha pregunta escrita. Bueno, perdón, rogos primeiro. Rogos escritos non hai ningún. Hai algún rogo oral?Non. Pois preguntas escritas hai unha de Unidade Veciñal. Por favor, podes lelo."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Segundo os expedientes consultados sobre as obras que se están a facer no futuro matadeiro do Sar, vemos que se iniciaron tres expedientes sobre outras tantas obras. No primeiro expediente, solicítase licencia urbanística para urbanización nos arredores da AC-305 e posteriormente renuncia á solicitude da licencia que foi aprobada en Xunta de Goberno, na que estaba este concelleiro, precisamente. As obras foron realizadas posteriormente, sen que conste apertura de novo expediente e sen título habilitante. No segundo expediente, en maio do 2023, o empresario solicita licenza de obra, para cambio de tellado , por un importe de 103.700€ e fai o pago do ICIO de 4.400€, non hai aprobación en Xunta de goberno de concesión de licencia de obras. O cambio de tellado está feito. No último expediente aberto, en agosto do 2023, faise unha solicitude de obra menor para a instalación de polacas fotovoltaicas cun orzamento de 160.000€ e fai un pago de ICIO de 5.600€. O arquitecto municipal emite informe desfavorable sobre a comunicación previa e informa que esta non é válida en este tipo de obras e require documentación adicional no prazo de 10 días. O empresario aporta a documentación, pero non existe novo informe técnico nin aprobación na Xunta de Goberno. As placas fotovoltaicas están instaladas. Tamén vemos que se están a facer obras de apertura de fiestras novas e de peche das existentes, obras de urbanización na contorna da instalación e cambio de maquinaria diversa no interior das naves, entre outras, das que non existe nin solicitude le licencia, nin expediente de obra, que saibamos. Pode dicirmos o alcalde por que non existe nos expedientes abertos, as resolucións definitivas da Xunta de goberno, concedendo as licencias e por que non existen novos expedientes abertos das obras que se están a realizar?*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Pois non existen as resolucións definitivas da Xunta de goberno porque entendo que non estarán, estarán pendentes de información definitiva por parte do servizo de urbanismo e non existen novos expedientes abertos das obras porque non tiñamos coñecemento. Espero poder contestarlle a vostede por escrito a isto brevemente. Algunha pregunta oral, agora e por orde, Partido Popular."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Nos temos dúas. A pista de terra que vai dende a Cruz de Avelán ata Teaio, está en moi mal estado e con moitas fochancas por mor da choivas. Aproveitamos agora para solicitar que se arranxe o antes posible e preguntamos se teñen previsto arranxala en breve."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Esa pista, estamos detrás del a*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*ver si somos capaces de conseguir financiamento, nos gustaría arranxala en breve pero eu non son de enganar a ninguén. Non en breve, AGADER non entraba, nas condicións que pon AGADER ese tipo de pista non entraba e entón, estudaremos de outra maneira, si sabemos, cónstanos que é unha pista utilizada na zona de Teaio e intentaremos"*

**Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:** *"É a que vai pola Arregañada, non?"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Si, é a que baixa, a de terra, intentaremos xuntar, buscar financiamento para poder facela o antes posible."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"E temos outra. Algúns veciños e veciñas, foron testemuñas , en varias ocasións, de que algún empregado e algún operario municipal, realizaron distintos traballos varios na casa do señor alcalde. Cobran estes empregados algunha remuneración extraordinaria por realizar os traballos nas propiedades do alcalde?"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Imposible, o que está dicindo vostede é mentira, dígalle, por favor á persoa que llo dixo, que mentiu, mentiu coma unha bellaca, ningún traballador municipal traballou na casa onde eu resido nos últimos, vou dicilo ben, 25 anos."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Antes tampouco, non?"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"É que antes, ao mellor, non teño memoria, tampouco era alcalde, pero podía traballar na súa, no seu tempo libre, que tampouco, pero bueno, non sei. Primeira noticia, me encantaría que alguén mo dixera máis claramente. Algunha pregunta máis, non?Portavoz de Unidade Veciñal."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Si, eu teño dúas. O pasado 26 de xaneiro, a borrasca Herminia, derrubou a cruz do cruceiro do Botafal en Teaio, quedando totalmente desfeito. Segundo a lei 5 de 2016 do patrimonio de Galicia, os concellos deben velar pola protección e conservación dos bens catalogados, incluídos os cruceiros, que forman parte do patrimonio cultural de Galicia. Isto implica realizar traballos de restauración e mantemento para garantir a integridade destes elementos patrimoniais. Case dous meses despois, pódenos dicir que xestións fixo o concello para a restauración do cruceiro?"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Vaille contestar o concelleiro responsable."*

**Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:** *"Trátase do cruceiro de Teaio, está elaborado un informe polo técnico municipal para remitirlle a patrimonio cultural. Aínda non so cas fotografías que se sacaron e*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*todo, recollida dos restos da cruz, digamos da cruz, porque hai alí, un crucifixo sería, con un cristo ou con non sei o que era, e volveu outra vez, que están depositados aí na nave do concello e volveu outra vez a fotografalos para completar ese informe e remitirlles a Patrimonio cultural de Galicia."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Seguinte pregunta."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Bueno, no pasado Pleno de xaneiro, a pregunta deste grupo sobre a modificación do PXOM, que afectaría a zona da Revoltiña, o alcalde dixo que isto vai falarse cos veciños en breve, posiblemente a semana que ven, despois de dous meses xa falou vostede cos veciños da zona da Revoltiña?"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Pois si, falei cos veciños da zona da Revoltiña, falei cos veciños, si falei con algún so veciños, non con todos. Falei con algún veciño da Revoltiña, falei coa dirección xeral de urbanismo, falei con Estudio técnico Galego, para ver as posibles solucións para esta. Algunhas se transmitiron a algún propietario desa zona e estamos pendentes de que urbanismo nos centre as posibles actuacións, de feito, podo adiantar aquí que unha das posibles actuacións é eliminar a zona como urbanizable e deixala coma rústico porque eso para os veciños sería moito máis vantaxoso, entón eso ademais tería menor custe para o concello, sería aceptado de xeito inmediato pola Xunta, sería e o concello en solo rústico podería acometer as obras que nos resulta imposible neste momento con esa denominación de solo. Eso todo tamén se trasladou algún dos veciños, posiblemente non a todos, porque nos, a verdade é que non tivemos tempo, pero bueno. En principio, é o que se pode dicir publicamente e é así."*

**Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:** *"Daba a tres casas."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Daba a tres casas, non?"*

**Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:** *"A parte de abaixo sen saneamento que é un problema, eso non foi agora, se non en outra ocasión, xa se quixo levar ese tema. Vamos a ver, xa noutra ocasión se intentou levar a cabo esa actuación e encontrámonos con eses impedimentos á parte do de Augas de Galicia e todo. Trátase das tres casa, digamos da parte sur que á as que quedaban sen saneamento, porque da parte de arriba xa están dotados dese servizo, e bueno, como ben dixo o alcalde, estamos niso, a ver se facemos unha modificación, pasando o terreo que está agora mesmo como solo urbanizable, a solo de núcleo rural, ou a olo rústico. "*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Algunha pregunta máis?"*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** *"Non. Eu quería animar á veciñanza a asistir a manifestación da Pobra do Caramiñal."*



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Pero iso non é."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Iso en todo caso tería sido un rogo, no momento dos rogos, pero bueno. Portavoz do Bloque Nacionalista galego, a súa pregunta."*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"Si, brevemente. Que vai facer o goberno do PSOE diante do Sergas, ante o descontento actual previsible sobre a deficiencia no servizo de pediatría para os nenos e nenas do concello de Dodro'"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"O alcalde, xa coma consta, se reuniu co xerente da área, expuxemos a preocupación, levamos datos dos menores que quedan sen atención e por parte do Sergas, se comprometeu, a ver se o digo ben, á busca activa de un substituto. Tamén dixo que non esperásemos que fose pronto. Eu lamento transmitir as noticias, que son as que son. E bueno, díxosenos que non ía quedar un neno sen atender, que se ían a atender en principio en Padrón, que é unha mingua do servizo, tanto para nós coma para Rois e que no Sergas non, estou transmitindo o que digo, o que dixeron a este alcalde e que por parte do Sergas,non había ningunha intención de diminuír o servizo que tan pronto puideran, se iría a cumprir. Estaremos expectantes e estamos pendentes de que veña alguén. Moitas gracias a todos por vir e levántase a sesión."*

Ás 21:45 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

*Dodro, documento asinado dixitalmente*
*María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Xermade, en réxime de acumulación de funcións no Concello de Dodro*
*O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*

Firmado por MARÍA CRISTINA VARELA GARCÍA - ***6833** el día 14/07/2025 con un certificado emitido por AC CAMERFIRMA FOR NATURAL



CVD: MnxCZpsjkY8xKEfWFHct Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.